



**DIRECCIÓN XERAL DE INNOVACIÓN
E XESTIÓN DA SAÚDE PÚBLICA**
Memoria 2014



**DIRECCIÓN XERAL DE INNOVACIÓN
E XESTIÓN DA SAÚDE PÚBLICA** 
Memoria 2014





Coordinación

Emma Fernández Nogueira
Josefa Fernández da Silva

Edita

Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

<http://dxsp.sergas.es>


innovacion.xestion.saudepublica@sergas.es

Maquetación

Idear Comunicación Visual

Índice

	07	PRESENTACIÓN
ÁREA PRIMEIRA	09	INFORMACIÓN XERAL
	09	1.1. Estrutura e cadro de persoal
	11	1.2. Misión, valores e obxectivos estratéxicos
	12	1.3. Sistemas de información de saúde pública
	16	1.4. Publicacións na web e na intranet
ÁREA SEGUNDA	19	INFORMACIÓN POR SERVIZOS
	19	2.1. Unidade de Innovación en Saúde
	23	2.2. Servizo da Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias
	27	2.3. Servizo de Epidemioloxía
	30	2.4. Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles
	37	2.5. Servizo de Coordinación da Xestión
	39	2.6. Servizo de Control e Auditorías
	42	2.7. Servizo de Laboratorio de Saúde Pública de Galicia
	44	2.8. Servizo de Xestión dos Procesos de Saúde Pública
	46	2.9. Servizo de Seguridade Alimentaria
	50	2.10. Servizo de Sanidade Ambiental
	54	2.11. Servizo de Protección Radiolóxica
	56	2.12. Servizo de Estilos de Vida Saudables e Educación para a Saúde
	60	2.13. Servizo de Programas Poboacionais de Cribado
	68	2.14. Servizo de Prevención de Condutas Adictivas
ÁREA TERCEIRA	75	ÍNDICE DE TÁBOAS





PRESENTACIÓN

É unha satisfacción presentar un ano máis a memoria de actividades da **Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública**, que dá conta das accións que desde esta organización se están impulsando co obxectivo último de mellorar a saúde da nosa sociedade.

Así, o Plan de prioridades sanitarias 2014-2016 destaca a importancia da promoción da saúde en relación a tres determinantes fundamentais: nutrición, actividade física e tabaquismo. Os tres configuran un estilo de vida que inflúe de modo transversal nas patoloxías priorizadas.

Como se poderá comprobar ao longo desta memoria, desde a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, impulsáronse diversas accións para a promoción dos estilos de vida saudables, entre elas o Plan Xermola para a prevención da obesidade infantil, a plataforma Xente con Vida, a web Cóidate Cóidame, as enquisas sobre condutas de risco, o programa “Clases sen fume” e a inspección en materia alimentaria, ambiental, en relación co tabaco e co consumo de alcohol en menores.

Ademais, esta dirección xeral lidera accións tan importantes para o plan de saúde como son os programas de cribado oncolóxico -de cancro de mama e de cancro colorrectal-, os programas de cribado na etapa neonatal -hipoacusia e metabolopatías- e os programas de vacinación.

Dentro das actividades de 2014 tamén destacan a consolidación do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, a presidencia da Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías e Prestacións do Sistema Nacional de Saúde por parte de Avalia-t e a xestión da información e actuacións sobre o virus do Ébola.

No ámbito da innovación, consolidouse a nosa internacionalización a través da participación en varias redes e proxectos europeos e nos plans de Innovación H2050 e InnovaSaúde, especialmente no relacionado coa valorización da investigación. Tamén se coordinou desde esta dirección a participación da Xunta de Galicia no congreso internacional de biotecnoloxía, BioSpain, celebrado en Santiago.

Todo isto foi posible grazas ao traballo conxunto coas catro xefaturas territoriais e ao esforzo e compromiso das máis de 700 persoas implicadas, co obxectivo final da promoción e a protección da saúde da poboación galega.

Sonia Martínez Arca
Directora xeral de Innovación
e Xestión da Saúde Pública




INFORMACIÓN XERAL

1.1. ESTRUTURA E CADRO DE PERSOAL

O Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade (DOG núm. 46, do 6 de marzo de 2013), dispón no seu artigo 2 que esta consellería contará, para o cumprimento das súas funcións, con órganos centrais e órganos periféricos. Nos artigos 11, 12, 13, 14 e 15 establece a estrutura e as funcións da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e nos artigos 18, 19 e 20 as correspondentes ás xefaturas territoriais.

As funcións da Consellería de Sanidade en materia de saúde pública son desempeñadas actualmente pola Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública (DXIXSP) como órgano central e as xefaturas territoriais (XXTT) como órganos periféricos e, máis en concreto, tres servizos dos cinco cos que contan: o Servizo de Xestión, o Servizo de Alertas Epidemiolóxicas e o Servizo de Control de Riscos Ambientais.

A continuación detállase a estrutura da DXIXSP e o cadro de persoal tanto desta como dos servizos periféricos.



ESTRUTURA E CADRO DE PERSOAL

Táboa 1. Cadro de persoal 2014	Persoal de apoio ¹	Persoal técnico			Total	Persoal directivo ⁴	TOTAL
		Persoal técnico ² (non de inspección)	Inspectores/as veterinarios/as ³	Inspectores/as farmacéuticos/as			
Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública ⁵	28	101			101	18	147
Xefatura Territorial da Coruña ⁶	41	38	93	22	153	4	198
Xefatura Territorial de Lugo ⁶	19	12	54	14	80	3	102
Xefatura Territorial de Ourense ⁶	27	18	44	13	75	4	106
Xefatura Territorial de Pontevedra ⁶	18	32	86	19	137	4	159
TOTAL	133	201	277	68	546	33	712

Reconto realizado en novembro de 2014

1 Persoal de apoio: persoal administrativo, informático/a, telefonista, ordenanza, condutor/a etc.

2 Persoal técnico (non de inspección): tanto técnicos/as de profesións sanitarias (medicina, farmacia, veterinaria, psicoloxía, enfermería, hixienista dental, persoal técnico de laboratorio, persoal técnico de raios, auxiliar sanitario etc.), como de profesións non sanitarias (estadísticos/as, documentalistas etc.). O persoal inspector veterinario e farmacéutico especificase noutras casas.

3 Incluindo os/as xefes/as de zona e os/as directores/as técnicos/as.

4 Persoal directivo: directora xeral, subdirectores/as, xefas territoriais e xefes/as de servizo.

5 Ademais do persoal incluído nesta táboa, a dirección xeral conta con 9 investigadores asociados a proxectos no Servizo da Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e 2 persoas colaboradoras no Servizo de Epidemioloxía.

6 Tívoise en conta o persoal dos tres servizos con funcións de competencia exclusiva das xefaturas territoriais e directamente relacionadas coa DXIXSP (Servizo de Xestión, Servizo de Alertas Epidemiolóxicas e Servizo de Control de Riscos Ambientais). Non se inclúen os outros dous servizos das xefaturas territoriais (Servizo de Planificación, Aseguramento e Ordenación Sanitaria e o Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios) porque as súas funcións non están directamente relacionadas coa DXIXSP.

1.2. MISIÓN, VALORES E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

De acordo co documento Estratexia da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública (DXIXSP), de maio de 2012, a misión desta dirección xeral é vixiar, fomentar, protexer e contribuír a mellorar a saúde da poboación galega, a través:

- Da planificación das diferentes actuacións que contribúan a mellorar a saúde, a asegurar o libre exercicio dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, e a garantir a prestación de saúde pública (as mesmas oportunidades para previr enfermidades, e promover o mantemento e mellora da saúde de toda a poboación galega).
- Do desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse por problemas asociados a determinantes da saúde modificables.

Para o desenvolvemento desta misión compartimos os seguintes **valores**:

- Traballo en equipo, en coordinación con toda a consellería.
- Equidade, na xestión dos intereses colectivos.
- Eficiencia, na utilización dos recursos.
- Mellora continua da calidade técnica e da calidade de xestión.
- Traballo acorde co coñecemento dispoñible en cada momento.
- Traballo orientado a resultados para a comunidade.

Establecéronse nove **obxectivos estratéxicos**:

1. Debemos lograr que a nosa organización sexa recoñecida pola sociedade. A imaxe que a cidadanía teña da nosa organización preocúpanos e tamén nos ocupa.
2. Debemos ser referentes na toma de decisións sobre saúde, para o cal necesitamos que outras organizacións colaboradoras, especialmente o Servizo Galego de Saúde, nos vexan como necesarios para a consecución dos seus obxectivos, e responder adecuadamente ás súas expectativas.
3. Debemos ser unha organización innovadora, tanto en aspectos técnicos como de xestión.
4. Debemos iniciar e desenvolver políticas e accións que sexan sustentables economicamente, polo que a sustentabilidade será un claro criterio de darlles prioridade ás nosas accións.
5. Debemos ser unha organización efectiva na mellora da saúde da poboación, polo que debemos ser eficaces, pero tamén, como xestores públicos que somos, debemos ser referentes na xestión eficiente das persoas, das alianzas e dos recursos.
6. Debemos asumir entre os nosos obxectivos que os nosos profesionais estean satisfeitos do seu traballo e que se sintan valorados pola organización e pola cidadanía.
7. Debemos convencer o sistema sanitario de que somos moi útiles na consecución de obxectivos comúns, e avaliar o impacto do investimento realizado en saúde pública nos resultados económicos do sistema sanitario.
8. Debemos esforzarnos en medir o noso impacto real na saúde, e demostrar que somos capaces de contribuír, de maneira clara e obxectiva, na mellora dos resultados en saúde do sistema sanitario.
9. Debemos ter capacidade de influencia, tanto nos organismos sanitarios autonómicos, como nos nacionais e europeos.

1.3. SISTEMAS DE INFORMACIÓN DE SAÚDE PÚBLICA

En consonancia coa Lei 8/2008, de saúde de Galicia, cando fala (artigo 71) do Sistema de Información de Saúde de Galicia, e tendo en conta as competencias asignadas á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública (DXIXSP), estase a traballar na conformación dos sistemas de información que dependen desta dirección xeral, coas seguintes liñas directrices:

- Integración dos sistemas entre si, de maneira que elimine duplicidades, asegure compartir os datos e permita a cada parte centrarse nos aspectos da información que constitúen a esencia do seu traballo (que están baixo a súa competencia directa), de xeito que cada mellora parcial repercuta no conxunto dos sistemas.
- Integración co resto das aplicacións corporativas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, que permita e asegure verdadeiras sinerxías nos sistemas.
- Utilización dos estándares corporativos, seguindo os criterios establecidos por arquitecturas tecnolóxicas na análise, deseño, programación, implantación e mantemento das diferentes aplicacións da DXIXSP.
- Uso dos Sistemas de Información de Análises Complexas (SIAC) como ferramenta de explotación dos datos.
- Accesibles con independencia da localización, o que orienta cara ao uso de clientes lixeiros e contornos web.

Baixo estas premisas vense desenvolvendo un intenso traballo de integración e renovación tecnolóxica nos diferentes sistemas existentes. Poderíamos destacar os seguintes fitos no ano 2014:

No ámbito da seguridade alimentaria e ambiental:

- HERME: sistema de información da actividade inspectora de saúde pública. Módulo web de HERME (HEWEB):
 - Modificouse o contorno tecnolóxico da aplicación BOLIS.
 - Despregáronse e estabilizáronse cinco versións evolutivas (HERME-HEWEB) cos seguintes cambios principais: melloras múltiples para o persoal de inspección e para soporte, optimización da campaña de zonas de baño, optimización dos procesos de descarga, proceso de toma de mostras por perfís e melloras en diferentes consultas.
 - Evolución de HEWEB vinculada aos procesos de carga e depuración.
 - Extracción dos datos do plan plurianual e dos contratos programa.
 - Incorporación do SIAC HERME fase II no apartado de actividade.
- LABSP: sistema de xestión da actividade dos laboratorios de Saúde Pública. Durante este período definiuse o modelo de datos de xestión de facturación, melloráronse os procesos de remisión de mostras desde HERME e realizouse o mantemento evolutivo dos sistemas (2 versións de LABSP).
- SEMAGA: aplicativo de aseguramento da rastrexabilidade nos matadoiros de Galicia. No ano 2014 incluíronse novas pantallas e un checklist de benestar animal, habilitáronse funcionalidades doutras especies (sacrificios por lotes),



realizouse a substitución de panel-PC por tablets e novos dispositivos de mobilidade (Android) e desenvolvéronse tres versións (SEMAGA-SMWEB) con melloras sobre o sistema.

No ámbito dos programas de cribado poboacional:

- Sistema de Información do Cribado do Cancro de Mama (SICMA). Debido ao paso á tecnoloxía dixital na realización das mamografías, a evolución do sistema de cribado centrase no Sistema de Información de Diagnóstico por Imaxe (SIDICM), e facilitará a integración coas diferentes estacións de exploración, o que implica o baleirado automático dos datos ao sistema. Integración da imaxe en Atención Primaria. Visualización dos informes en lanus. Mantemento da versión 3.14 do SICMA coa corrección de erros, lista de indicadores e cambio na información.
- Cribado de xordeira. Inclusión do rexistro en lanus. Desenvolvemento en VAWEB do cribado de xordeira en período neonatal.

SISTEMAS DE INFORMACIÓN DE SAÚDE PÚBLICA

- **Metabolopatías.** Mantemento evolutivo dos sistemas co desenvolvemento de catro versións de MTBLP, melloras no informe MTBLP en Ianus, adaptación dos novos servizos web de tarxeta sanitaria no ámbito poboacional, extracción de datos do ano 2013 para a súa publicación no Boletín Epidemiolóxico de Galicia (BEG) e implantación das funcionalidades do rexistro de acabados de nacer (E-neonatos) nos centros sanitarios e das actuacións de saúde pública (cribado de metabolopatías, cribado de xordeira, vacinación de hepatite B).
- **Cribado do cancro de colon.** Mantemento e mellora do sistema de información do programa en Ferrol e desenvolvemento dunha nova versión, para darlle resposta ao programa en toda Galicia, que inclúe a xestión de envíos, a xestión de persoas (citacións), os informes de precolonoscopia e colonoscopia, resultados da proba de sangue oculta en feces, a avaliación do risco e un módulo de provedores externos.

No ámbito da vixilancia epidemiolóxica e control de enfermidades transmisibles:

- **VIXÍA:** sistema de información de vixilancia epidemiolóxica. Mellora na xestión de datos da persoa doente (formulario de alta rápida, lista de número de historia clínica), configuración individual de notificacións de validacións de casos, xestión de formularios (reglas de dependencia entre campos, listas de selección múltiples, valores de listas condicionadas) e adaptación aos cambios do sistema no Centro Nacional de Epidemioloxía (preparación para a introdución de novos formularios).
- **REGAT:** rexistro galego de tumores. Carga automática de datos de cancro de mama do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), carga de datos de cancro de mama dos hospitais de Ourense para o período 2010-2014, soporte para o cruce de datos dos hospitais de Lugo e de Ourense, revisión da definición dos protocolos do cancro de mama e melloras na detección de duplicados.
- **SITUB:** Sistema de información do programa galego de control da tuberculose. Melloras na integración dos datos dos laboratorios de microbioloxía do Servizo Galego de Saúde, cambios no formato e contido dos datos para a exportación ao Centro Nacional de Epidemioloxía, melloras no SIAC de tuberculose, melloras no acceso ás altas rápidas no sistema de tarxeta sanitaria poboacional e desenvolvemento de dúas novas versións evolutivas.
- **Rexistro de vacinas (RVACU) e módulo web de vacinas (VAWEB).** Consolidación do uso en centros privados, continuación da mellora do rexistro da vacina de hepatite B en acabados de nacer nos centros hospitalarios públicos, desenvolvemento e implantación de dispositivos móbiles para a campaña de gripe e mantemento evolutivo dos sistemas (dúas versións de RVACU e tres versións de VAWEB).
- **Rexistro de mortalidade (CARON).** Implantación corporativa do sistema IRIS (sistema de codificación automática da causa de morte) impulsado polo Instituto Nacional de Estatística (INE) a instancias da Oficina de Estatística Europea (EUROSTAT), integración de IRIS con CARON para a codificación automática da causa de morte e mantemento evolutivo dos sistemas (tres versións de CARON).

No ámbito dos programas de prevención das drogodependencias:

- SAPIS (Sistema de avaliación dos programas de prevención e incorporación social): sistema que permite xestionar os programas e intervencións que se desenvolven na área de prevención e reinserción do Plan de Galicia sobre drogas. Realizada unha evolución funcional e técnica para adaptala ao contorno tecnolóxico actual da Consellería.

Ámbito xenérico:


- IANSP: módulo deseñado para permitir o acceso e xestión dos datos dos sistemas de saúde pública dentro da historia clínica electrónica (lanus). Incorporación de funcionalidades para a posibilidade de levar a cabo o seguimento por parte das unidades de xordeira dos nenos derivados da fase de cribado, adaptacións da información de metabolopatías e da campaña de gripe e mantemento evolutivo dos sistemas (tres versións de IANSP).

1.4. PUBLICACIÓNS NA WEB E NA INTRANET

A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública (DXIXSP) posúe, dentro da web corporativa do sistema sanitario de Galicia (Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde), unha páxina web propia (<http://dxsp.sergas.es>), estruturada por áreas temáticas, onde publica contidos propios. O obxectivo desta publicación de contidos é o de poñer á disposición das persoas interesadas, xa sexan profesionais da saúde ou público en xeral, o coñecemento xerado por esta dirección no desempeño das súas funcións de promoción, protección e vixilancia da saúde. Toda a información e material (documentos, imaxes, vídeo, audio...) segue as pautas marcadas polas instrucións corporativas de publicación de contidos dixitais, así como a lexislación vixente en materia de accesibilidade á información das administracións públicas e a utilización de estándares abertos.

Así mesmo, esta dirección xeral, publica na [intranet corporativa](#) da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde os contidos e documentación xerada que non é de acceso público e/ou os contidos de xestión interna pertinentes (sirva como exemplo o uso que fan da intranet os servizos de inspección en seguridade alimentaria e ambiental a través da Inspeweb).

A administración do portal web da dirección xeral e da intranet corporativa correspóndelles aos servizos informáticos da Consellería de Sanidade/SERGAS. A publicación de información nos distintos apartados da páxina web e da intranet é responsabilidade das unidades administrativas correspondentes (servizos e subdireccións) e a coordinación destes,



así como a comunicación cos servizos de publicación lle corresponde á figura do administrador de contidos (excepto Inspeweb que se xestiona directamente desde o Servizo de Control e Auditorías).

Así mesmo, existe un equipo de traballo, formado por persoal da dirección xeral, que se encarga das decisións corporativas (estrutura da páxina web, deseño...) e da coordinación das unidades na súa comunicación co administrador de contidos.

Táboa 2. Publicacións na web e na intranet ¹		2014												TOTAL
		Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	
N.º de publicacións	Epidemioloxía	27	17	14	20	13	21	12	20	31	30	34	26	265
	E. Transmisibles	2	1	2			1	2	1	1	7	2	2	21
	Xestión procesos				1	1		1						3
	Seg. Alimentaria			1		1		1					2	5
	Ambiental	9	6	9	5	8	11	21	11	11	8	7	11	117
	Estilos de Vida					3	2	2		2	2		1	12
	Cribado	1			1									2
	C. Adictivas							1		2	2	2	1	8
	Total	39	24	26	27	26	35	40	32	47	49	45	43	433
	N.º de visitas	19.261	18.445	16.338	15.210	18.037	15.307	13.613	14.924	16.598	35.561	17.225	11.603	212.122
Web	Tempo medio de visualización	2:16	2:28	1:41	1:24	1:43	1:47	2:00	2:35	2:13	2:41	2:48	2:07	2:08
Publicacións máis accedidas	1. ^a	Aval. Progs. Drogas	Hixiene panadeiras	Aval. Progs. Drogas	Aval. Progs. Drogas	Aval. Progs. Drogas	Epidat Distr. Proba.	Epidat Distr. Proba.	Epidat Distr. Proba.	Epidat Distr. Proba.	Ébola Prot. EVE	Aval. Progs. Drogas	Aval. Progs. Drogas	
	2. ^a	Hixiene panadeiras	Aval. Progs. Drogas	Hixiene panadeiras	Epidat Distr. Proba.	Epidat Distr. Proba.	Aval. Progs. Drogas	Aval. Progs. Drogas	Proc. Ébola Guinea	Aval. Progs. Drogas	Ébola Proc. Guinea	Ébola Prot. EVE	Hixiene panadeiras	
	3. ^a	Epidat Distr. Proba.	Epidat Distr. Proba.	Epidat Distr. Proba.	Hixiene panadeiras	Hixiene panadeiras	VIH Proba Rápida	Epidat Anál. Descr. Descr. Descr. Descr.	Aval. Progs. Drogas	Epidat Anál. Descr. Descr. Descr. Descr.	Ébola manexo caso	Hixiene panadeiras	Ébola Prot. EVE	
	4. ^a	Cartel Vac. Infantil	Epidat Demografía	Epidat Mos-traxe	Epidat Mos-traxe	Epidat Anál. Descr. Descr. Descr. Descr.	Hixiene panadeiras	Hixiene panadeiras	Ébola Epi. Recomend.	Ébola manexo caso	Epidat Distr. Proba.	Ébola folleto	Plan Tras. Adict.	
	5. ^a	Instr. Calend. Vac. Infantil	Epidat Anál. Descr. Descr. Descr. Descr.	Epidat Anál. Descr. Descr. Descr. Descr.	Epidat Anál. Descr. Descr. Descr. Descr.	Epidat Mos-traxe	Epidat Anál. Descr. Descr. Descr. Descr.	Epidat Mos-traxe	Ébola manexo caso	Protocolo Ébola	Ébola Epi. Recomend.	Instr. Campaña Gripe	Instr. Campaña Gripe	
Intranet	N.º de publicacións													
	E. Transmisibles	1												1
	Xestión procesos							1				1		2
	Seg. Alimentaria					1								1
	Control e Audit. (Inspeweb)	2	5	73	3	3	11	1	9	0	8	1	1	117
Total	3	5	73	3	4	11	2	9		8	2	1	121	

1 Publicacións xestionadas a través do administrador de contidos web/intranet na DXIXSP, excepto Inspeweb que se xestiona directamente desde o Servizo de Control e Auditorías.

02



INFORMACIÓN POR SERVICIOS

2.1. UNIDADE DE INNOVACIÓN EN SAÚDE

Funcións

- a) A realización de actividades de soporte administrativo e técnico á actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
- b) A aplicación do modelo de xestión da innovación sanitaria aberta da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
- c) A prestación de apoio administrativo aos diversos órganos colexiados da Plataforma de innovación sanitaria e os relacionados coas actividades de innovación, dentro da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.
- d) A difusión e a participación en iniciativas europeas de innovación e do clúster de saúde de Galicia.
- e) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Accións máis destacables de 2014

Actividades

- Constitución dunha Rede de nodos de innovación. Os nodos son estruturas informais de traballo despregadas nas sete áreas de xestión integrada e que contan cun referente de innovación e un equipo de innovación de entre oito e doce profesionais que representan todos os estratos profesionais.
- Despregamento do modelo de innovación aberta coa construción do primeiro espazo físico para traballar en equipos de innovación. Trátase dun espazo de co-creación, chamado Código Saúde, situado na biblioteca do Hospital Clínico de Santiago de Compostela.
- Participación na organización do Encontro Internacional de Biotecnoloxía (Biospain) 2014 celebrado en Santiago de Compostela do 24 ao 26 de setembro.
- Participación na organización da I Xornada Internacional de Innovación Sanitaria en Galicia e I Encontro de Experiencias de Innovación en Saúde, celebrado en Santiago de Compostela o 28 e 29 de abril.

UNIDADE DE INNOVACIÓN EN SAÚDE

- Elaboración da proposta á KIC (Knowledge Innovation Communities) de vida saudable e envellecemento activo para a convocatoria establecida polo Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT). Presentación da proposta LifeKIC formando parte dun consorcio (Dinamarca, Alemaña, Italia, Holanda, España e Escocia) contando con 322 socios, 58 deles corepartners.
- Execución do Programa de desenvolvemento precomercial dos resultados de investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia (PRIS), enmarcado no plan InnovaSaúde. Mobilizáronse nove pregos por valor de 1,3 millóns de euros, en proxectos relacionados cos campos da neuroloxía, a rexeneración muscular, a oncoloxía, a psiquiatría, o diagnóstico microbiolóxico e a nefroloxía.
- Posta en marcha dun prego de compra pública precomercial para a contratación dun servizo de I+D que desenvolva solucións para a incorporación do medicamento personalizado aos protocolos hospitalarios de atención ao paciente oncolóxico do Servizo Galego de Saúde (InnovaSuMMA).
- A Plataforma de Innovación Sanitaria forma parte da Rede ITEMAS, unha das plataformas de apoio á investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde promovida polo Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII).
- En colaboración coas fundacións de Investigación Sanitaria e a Fundación Barrié promoveuse unha nova iniciativa que permitiu achegar as mellores prácticas internacionais no campo da formación e adestramentos en competencias transversais, para residentes en período de formación (GRADschool).
- Presentación de propostas a convocatorias de fondos europeos, do Horizonte 2020 e do terceiro programa de saúde:
 - Horizon 2020: Positive Technologies for Co-Management to personalize healthy behaviours, Break free, Sing-Diabetes-Self-Management Health Information Technology on glycaemic control for paces for diabetes e G4E-Gain FOR Elderly.
 - Proxectos en marcha: United4Health-Telemonitorización de pacientes con EPOC e Mastermind- Ferramentas en liña e Telemonitorización de pacientes con depresión.

Participación en grupos de traballo e reunións

- Grupo de traballo de experiencias innovadoras do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- Grupo de acción B3 da Asociación Europea para a Innovación sobre un Envellecemento Activo e Saudable (European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing, EIP on AHA). Dentro desta acción estamos traballando nas áreas de modelos organizativos, xestión do cambio, desenvolvemento laboral, estratificación do risco, vías de atención, empoderamento da cidadanía, teleasistencia e fontes de financiamento. Galicia foi recoñecida como rexión europea de referencia neste ámbito.
- A consellería e o SERGAS seguen participando en:
 - Acción Conxunta en Enfermidades Crónicas (Joint Action on Chronic Diseases, CHRODIS-JA), no paquete de traballo de Diabetes Mellitus.
 - Advancing Care Coordination & TeleHealth Deployment (ACT), que ten como obxectivo identificar boas prácticas de procedementos dos servizos de coordinación do coidado e teleasistencia no tratamento habitual dos pacientes crónicos.

- Programa de apoio ás políticas das tecnoloxías da información e da comunicación (Policy Support Programme, ICT-PSP), en particular, á Axenda Dixital para Europa:
 - Fase de execución do proxecto Universal solutions in Telemedicine Deployment for European HEALTH care, United4Health, centrado no despregamento a grande escala de servizos de teleasistencia para o manexo de enfermidades crónicas.
 - Fase de execución do proxecto Management of mental health disorders Through advanced technology and services - telehealth for the MIND, MasterMind, centrado en programas de teleasistencia para a xestión de enfermidades mentais, co obxectivo de implantar servizos de tratamento cognitivo-conductual informatizado para adultos con depresión baseados na práctica da evidencia.

Formación impartida

- Obradoiro de Innovación Sanitaria e Creatividade. 4 horas. 1 edición.
- Pensamento visual. 3 horas. 2 edicións.
- Obradoiro de Scrum e Kanban para a xestión áxil de proxectos innovadores. 1 edición.
- Xestión e optimización de portfolios de proxectos innovadores. Ciclo de innovación. 1 edición.
- Fundamentos de dirección de proxectos (PMI-PMBOK). 1 edición.
- Obradoiro de xeración de ideas e conceptualización de proxectos innovadores. 1 edición.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- III Encuentro de Gestores de Proyectos Europeos. Madrid, 5 de febreiro.
- e- Health Forum. Atenas, do 12 ao 14 de maio. Presentación de dúas comunicacións.
- Curso de especialización de xestores. Bruxelas, do 1 ao 31 de outubro.
- COCIR-AER-HOPE debate at Open Days. Bruxelas, 29 de setembro. Presentación dunha comunicación.
- 2.ª Asemblea anual e Xornadas da Plataforma ITEMAS. Sevilla, 24 e 25 de novembro. Presentación de 2 comunicacións.
- I Foro anual RIS3 Galicia-Rexión Norte. Baiona, 7 de novembro.
- Certificate in Research Management. Module 1 and 2. Copenhague, 12 e 13 de novembro.
- 8.ª Conferencia do Programa de Investigación e Innovación da Unión Europea en España: Horizonte 2020. Primeiras experiencias e resultados. A Coruña, 25 de novembro.
- EIP on AHA Conference of Partners 2014. Bruxelas, do 30 de novembro ao 2 de decembro.
- Health Programme Committee meeting, entre a Comisión Europea e os representantes dos Estados Membros. Bruxelas, 10 de decembro. Presentación dunha comunicación.
- XVI Reunión CCAA con OPE-SGPIIRI. Madrid, 11 de decembro.

UNIDADE DE INNOVACIÓN EN SAÚDE

Indicadores

Táboa 3. Actividade da Unidade de Innovación		2012	2013	2014
Sesiões formativas	Impartidas	10	3	6
	Recibidas	37	11	9
Presentacións da Plataforma de innovación (difusión)	Interna	5	2	2
	Externa	1	3	5
Proxectos que chegan á Plataforma de innovación	N.º de ideas remitidas por profesionais á plataforma	42	19	3
	N.º de ideas remitidas por axentes externos á plataforma	9	5	0
	N.º de necesidades estratéxicas identificadas pola plataforma ou remitidas á plataforma polo Consello de Innovación	7	9	4
	N.º de retos identificados pola plataforma ou remitidos á plataforma polo Consello de Innovación	0	0	0
	N.º proxectos que entran no proceso de innovación	11	9	13
	N.º proxectos que avanza no proceso de innovación	4	7	15
	N.º de propostas de proxecto	3	1	10
	N.º de estudos de viabilidade	4	0	5
	N.º de probas	1	1	1
	N.º de plans de implantación	3	1	10
	N.º proxectos que se implantan e/ou transfírense	0	0	1
	N.º proxectos que saen do proceso de innovación	13	11	0
	N.º proxectos asistencia rápida	2	6	1
	N.º de proxectos que se identifican con liñas de traballo da Dirección de Asistencia Sanitaria	6	12	15
	N.º de proxectos que se identifican como liñas de traballo do H2050 e IS	12	2	13
	N.º de proxectos presentados a convocatorias europeas	6	3	5
	N.º de proxectos rexeitados nas convocatorias europeas	3	2	5
	N.º de proxectos que reciben financiamento	0	1	0
	N.º de proxectos activos	4	7	15
	N.º proxectos rematados	0	0	1
N.º total proxectos	64	16	15	
Xestión de proxectos de transferencia	N.º de proxectos de transferencia recibidos	-	32	10
	N.º de proxectos de transferencia aceptados	-	20	10
	N.º de proxectos de transferencia en fase de desenvolvemento	-	10	9
Xestión de tempos	Días que tarda unha idea en ser preavaliada	19	20	20
	Días que tarda unha idea entre a preavaliación e a data na que entra no comité	34	60	60
	Días que tarda unha idea en entrar no comité	53	80	80
Importe financiamento	Financiamento rexional	0	0	0
	Financiamento nacional	0	0	0
	Financiamento europeo	19.200.000 €	400.000 €	0

[Máis información sobre o servizo nesta liqazón](#)

2.2. SERVIZO DA AXENCIA DE AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS SANITARIAS

Funcións

- a) A proposta de criterios de planificación e das directrices de carácter xeral e o seguimento con respecto á Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias da Administración do Estado; a identificación e o estudo das tecnoloxías sanitarias emerxentes e a coordinación e a realización de informes técnicos e estudos de avaliación sobre tecnoloxías sanitarias, así como dos sistemas organizativos en que se desenvolve a atención sanitaria, de acordo cos criterios de seguridade, eficacia, efectividade e eficiencia e tendo en conta a súa valoración ética, clínica, económica e social.
- b) O deseño de novas organizacións para a aplicación da alta tecnoloxía, así como as propostas de criterios de seguimento e avaliación das súas actividades; a coordinación, deseño, elaboración e difusión de guías de práctica clínica e de recomendacións na aplicación das tecnoloxías sanitarias.
- c) A proposta de sistemas de información dirixidos a obter os datos necesarios para a avaliación de tecnoloxías.
- d) A promoción da investigación científica dirixida a mellorar a metodoloxía necesaria no ámbito da avaliación de tecnoloxías sanitarias.
- e) A emisión de informes dos plans e das propostas de novos recursos tecnolóxicos e de novos procedementos técnicos e outros medios sanitarios, cando así se lle solicite.
- f) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Accións máis destacables de 2014

Actividades

- Avalia-t asume a presidencia da Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías e Prestacións do Sistema Nacional de Saúde (SNS) dende o 1 de xaneiro.
- Actividade internacional:
 - EU HTA Network (European Health Technology Assessment Network)
 - EUnetHTA (European network for Health Technology Assessment)
 - SEED Project (Shaping European Early Dialogues for Health Technologies). Avalia-t forma parte do consorcio gañador da licitación, convocada pola Comisión Europea, relativa aos pilotos no diálogo temperán (Early Dialogue) entre os organismos asesores de tecnoloxías sanitarias e fabricantes dos produtos sanitarios durante a fase de desenvolvemento de medicamentos e dispositivos.
- Organización e promoción da I Jornada de la Red Española de Agencias de Evaluación de Tecnologías Sanitarias del SNS. Aunando esfuerzos: oportunidades y retos, celebrada en Santiago de Compostela, do 16 ao 18 de setembro.
- Posta en marcha da difusión dos produtos de avaliación de tecnoloxías sanitarias da axencia a través de redes sociais (Twitter, Facebook e LinkedIn).

Informes e publicacións

- Informes realizados a petición da Comisión Asesora para a Incorporación de Técnicas, Tecnoloxías ou Procedementos (Consellería de Sanidade): avaliación e especial seguimento.

SERVIZO DA AXENCIA DE AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS SANITARIAS

- Informes do Plan de Traballo da Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías e Prestacións do Sistema Nacional de Saúde.
- Guías de práctica clínica e outros produtos baseados na evidencia científica.
- Publicación de boletíns electrónicos. A distribución realízase tendo en conta a audiencia diana e está dirixida ás especialidades médicas relacionadas cos diferentes contidos.
- Artigos publicados en revistas científicas:
 - ["Developing a prioritized list of innovative technologies: the spanish experience". *International Journal of Technology Assesment in Health Care.*](#)
 - ["Desarrollo e impacto de los sistemas informatizados de apoyo a las decisiones en el manejo clínico de la depresión: revisión sistemática". *Revista de Psiquiatría y Salud Mental.*](#)
 - ["Queratoplastia endotelial automatizada con pelado de membrana de Descemet \(DSAEK\). Revisión sistemática sobre efectividad y seguridad". *Archivos de la Sociedad Española de Oftalmología.*](#)
 - ["Post-introduction observation of transcatheter aortic valve implantation in Galicia \(Spain\)". *Journal of Evaluation in Clinical Practise.*](#)
 - ["Satisfacción y utilidad percibidas por pacientes y familiares acerca de la información sobre prevención de suicidio". *Revista de Calidad Asistencial.*](#)
- Elaboración do capítulo "La evaluación de nuevas tecnologías sanitarias" do libro Guía de Gestión Clínica en Cirugía a petición da Sección de Gestión Clínica y Calidad da Asociación Española de Cirujanos.

Participación en grupos de traballo e reunións

- Plenos do Consello da Rede Española de Axencias.
- Reunións e grupos de traballo relacionados coa actividade internacional: HTA Network, EUnetHTA e Early Dialogues.
- Colaboracións autonómicas:
 - Grupos de traballo sobre Cancro de mama e sobre Radioterapia coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
 - Grupo de traballo sobre Intervención para a redución do risco de reingreso hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.
 - Dous proxectos colaborativos en Fisterra sobre depresión maior no adulto.
 - Avalia-t está acreditada como unidade de docencia para a especialidade de Medicina Preventiva e Saúde Pública (MP e SP). A xefa de servizo, M.^ª Luísa López García é vogal da Comisión de Docencia da Unidade Docente da Especialidade de Medicina Preventiva e Saúde Pública.
- Colaboracións estatais:
 - Comité Executivo de GuíaSalud
 - Comité Científico de GuíaSalud.
 - Proxecto Atlas de Variabilidade da Práctica Médica.

- Proxecto FIS: elaboración dunha estratexia de desinvestimento para o Sistema Nacional de Saúde a partir da monitorización de variacións inxustificadas na utilización de procedementos de dubidoso valor clínico.
- Proxecto de colaboración co Servizo Canario de Saúde: manual con criterios de avaliación e validación das ferramentas de axuda para a toma de decisións.
- Colaboración internacional: proxecto European Collaboration Healthcare Optimization (ECHO).

Formación impartida

- Como unidade acreditada para a docencia da especialidade de Medicina Preventiva e Saúde Pública, coordinouse a rotación de 2 residentes.
- Curso avanzado de metaanálises: comparacións directas, indirectas e mixtas. Santiago de Compostela, 16 e 17 de setembro.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- I Reunión Anual de Denervación Renal. Sección de Hemodinámica e Intervencionismo de la Sociedad Española de Cardiología. Madrid, 30 de xaneiro. Presentación dun relatorio.
- V Congreso Gestión Clínica. Santiago de Compostela, 6-7 febreiro. Moderación dunha mesa.
- VI Xornadas de Calidade e Seguridade do Sergas. V Congreso de Calidade e Seguridade de Sogalca. Ourense, 4 de xuño. Presentación dunha comunicación.
- 11 th Annual Meeting Health Technology Assessment Internacional (HTAI). Washington DC, 18-20 de xuño. Presentáronse 7 comunicacións.
- XXII Congreso Nacional de la Sociedad Española de Cirugía Torácica-Cardiovascular. Consenso de expertos. Santiago de Compostela, 18-20 de xuño. Presentación dun relatorio.
- XX Semana Europea de la Calidad. III Congreso Nacional Lean Healthcare. Santiago de Compostela, 10-14 de novembro. Presentación dunha comunicación.
- 11.ª Reunión Científica de la Asociación Española de Evaluación de Tecnologías Sanitarias. Barcelona, 13 e 14 de novembro. Presentación dun relatorio.
- CardioInnova. Reunión de la Sección de hemodinámica e Intervencionismo de la Sociedad Española de Cardiología. Santiago de Compostela, 19 de novembro. Presentación dun relatorio.
- IV Congreso Nacional de la Asociación Nacional de Cribado Neonatal. Barcelona, 28 e 29 de novembro. Presentación dun relatorio.
- Training Course for all EUnetHTA Partners and Associates (EunetHTA). Bruxelas, 14 de xaneiro.
- Taller GRADE. Barcelona, 24 e 25 de novembro.
- Curso básico online de guías de práctica clínica. Impartido por Fistera.
- Curso de introducción a la elaboración de guías de práctica clínica. Impartido por GuíaSalud. Zaragoza, marzo-xuño.
- WP2 training course for Partners and Associates (EUnetHTA). París, 20 e 21 de novembro.

SERVIZO DA AXENCIA DE AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS SANITARIAS

Indicadores

Táboa 4. Actividade do Servizo da Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias			2014
Consellería de Sanidade	Informes realizados a petición da Comisión Asesora para a Incorporación de Técnicas, Tecnoloxías ou Procedementos (TTP)	Informes de avaliación	8
		Informes de especial seguimento (logo da inclusión en carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde)	1
Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías e Prestacións do Sistema Nacional de Saúde	Informes do plan de traballo da Rede Española de Axencias		10
	Guías de práctica clínica e outros produtos baseados na evidencia científica		3
	Plenos do Consello da Rede Española de Axencias		10
	Actividade internacional	HTA Network. Reunións.	9
		EunetHTA. Grupos de traballo.	5
		EUnetHTA. Executive Committee.	12
		Early Dialogues	4
Colaboracións	Autónómicas	6	
	Estatais	5	
	Internacionais	1	
Outras accións	Formación	Estancias de formación MIR	2
		Cursos e talleres docentes	1
		Participación en congresos, xornadas e cursos	14
	Difusión	Boletíns electrónicos	5
		Artigos publicados en revistas científicas	5

[Máis información sobre o servizo nesta liqazón](#)

2.3. SERVIZO DE EPIDEMIOLOXÍA

Funcións

- a) A xestión dos sistemas de información de saúde pública e da Rede galega de vixilancia en saúde pública.
- b) A xestión e control de brotes epidémicos, alertas e crises sanitarias, mediante a coordinación e o seguimento do Sistema de alerta epidemiolóxica de Galicia.
- c) O asesoramento e a promoción da formación en materia de método epidemiolóxico.
- d) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Accións máis destacables de 2014

Actividades

- Deseño dun Sistema experimental de vixilancia sindrómica (HEXÍN).
- Elaboración do Protocolo de vixilancia e control da enfermidade polo virus de Ébola en Galicia.
- Elaboración do Protocolo de vixilancia e control da infección gonocócica en Galicia.
- Creación do Sistema de vixilancia do impacto da vacinación fronte ao virus do papiloma humano (VPH).
- Realización da enquisa do Sistema de Información sobre Condutas de Risco (SICRI).
- Realización da enquisa do Sistema de Información sobre Condutas de Risco para a Saúde na Mocidade.
- Creación do Boletín de Alertas Internacionais.

Informes e publicacións

Boletín Epidemiolóxico de Galicia. Vol. XXVI:

- [N.º 1. Febreiro de 2014: Modificación do sistema básico da rede galega de vixilancia en saúde pública. A campylobacteriose en Galicia durante 2012 e 2013. Brote por Vibrio parahaemolyticus en 2012. Agregado de casos de shigelose en Sarria no ano 2012.](#)
- [N.º 2. Abril de 2014: A infección gonocócica en Galicia: tratamento e resistencia a antimicrobianos en 2012 e 2013. Brote de sarna en tres institucións. Brote de sarna relacionado cun centro de educación superior.](#)
- [N.º 3. Xullo de 2014: A enfermidade de Lyme en Galicia: 2000-2013. A gripe en Galicia na tempada 2013/14. Ingresos con gripe en Galicia na tempada 2013/14.](#)
- [N.º 4. Setembro de 2014. Enquisa galega de seroprevalencia 2013. Posibles ameazas para a erradicación do sarampelo.](#)
- [N.º 5. Outubro de 2014. Obesidade infantil en Galicia no ano 2013. Aproximación ao uso ambulatorio de antibióticos en Galicia en 2013.](#)
- [N.º 6. Decembro de 2014. A parotidite en Galicia nos anos 2012 e 2013. A esperanza de vida en Galicia: diferenza entre homes e mulleres, 1980-2012.](#)

SERVIZO DE EPIDEMIOLOXÍA

Participación en grupos de traballo e reunións

- Ponencia de vixilancia epidemiolóxica do Consello Interterritorial de Saúde.
- Grupo de traballo de vixilancia da gripe en España.

Formación impartida

- Estatística con Epidat para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Vigo.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- XXXII Reunión científica de la Sociedad Española de Epidemiología y IX Congreso da Associação Portuguesa de Epidemiologia. Alacante, 3-5 de setembro. Presentación de 8 comunicacións.
- VI Xornadas de Usuarios de R en Galicia. Presentación de 2 comunicacións.

Indicadores

Táboa 5. Publicacións periódicas do Servizo de Epidemioloxía	2012	2013	2014
Nº de BEG ¹	6	6	6
Nº de Venres Epidemiolóxicos ²	25	26	26

1 Boletín Epidemiolóxico de Galicia: publicación bimensual que supón 3 números ao semestre.

2 Venres Epidemiolóxicos: publicación electrónica breve sobre vixilancia que é bisemanal (13 números semestrais).

Táboa 6. Seguimento de certas enfermidades de declaración obrigatoria		2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Enfermidade meningocócica	N.º anual de casos (e mortes) por serogrupo e grao de confirmación ¹								
	Serogrupo B	31(2)	30(3)	27(0)	29(2)	26(3)	30(4)	19(2)	17(1)
	Serogrupo C	15(7)	8(1)	4(1)	3(0)	1(1)	1(0)	1(0)	0(0)
	Sospeita sen confirmar	39(2)	32(1)	36(0)	33(0)	23(0)	32(3)	27(1)	11(0)
Sarampelo ²	N.º anual de casos	0	0	2	0	0	7	1	1
Rubéola ²	N.º anual de casos	7	2	1	0	0	0	1	0
Síndrome de rubéola conxénita	N.º anual de casos	0	0	0	0	0	0	0	0
Tose ferina	N.º anual de casos	5	4	10	5	6	16	93	77
Tétano	N.º anual de casos	2	1	2	0	4	1	3	4
Gonococia	N.º anual de casos	93	96	88	73	68	77	103	140
Sífilis	N.º anual de casos	84	131	116	81	63	60	140	143
Sífilis conxénita	N.º anual de casos	1	2	0	0	2	0	0	0
Parotidite	Incidencia anual (n.º de casos por 100.000 habitantes)	50	8	6	3	5	6	30	121
Varicela	Incidencia anual (n.º de casos por 100.000 habitantes)	331	272	256	302	188	138	312	277

1 Mensualmente actualízase na web o número de casos e mortes por serogrupo e grao de confirmación.

2 Para ambas as dúas enfermidades Galicia atópase en interrupción da transmisión endémica desde principios do século XXI. Todos os casos que amosa a táboa ou son importados ou están vinculados a casos importados.

Táboa 7. Distribución dos brotes (%) en cada unha das categorías de calidade de investigación	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
I. Confirmación de axente e de alimento, e determinación de factores contribuíntes	42%	33%	24%	21%	20%	30%	15%
II. Confirmación de alimento e determinación de factores contribuíntes	8%	0%	12%	21%	20%	10%	23%
III. Confirmación do axente	25%	44%	6%	14%	13%	15%	8%
IV. Ningún	25%	22%	59%	43%	47%	45%	54%

Táboa 8. Sistema de información sobre condutas de risco (SICRI)¹		2014
		% (IC 95%)
Relación actual co tabaco	Fumador diario	17,0 (16,1-17,9)
	Fumador ocasional	3,9 (3,4-4,3)
	Ex-fumador	27,3 (26,3-28,3)
	Nunca fumador	51,8 (50,8-52,9)
Exposición ao fume ambiental do tabaco	Na casa a diario	11,5 (10,8-12,3)
	No traballo a diario	3,8 (3,1-4,4)
	No lecer a diario	0,5 (0,4-0,7)
	No coche a diario	2,5 (2,1-2,9)
Porcentaxe de persoas ás que lle fixeron algunha vez, ao longo da súa vida, a proba do VIH/sida		20,5 (19,6-21,5)
Cando foi a última vez que lla fixeron?	Hai menos dun ano	25,1 (22,7-27,4)
	Entre 1 e 5 anos	33,9 (31,3-36,6)
	Máis de 5 anos e menos de 20	34,6 (31,9-37,2)
	Hai 20 anos ou máis	6,5 (5,2-7,8)

1 Son datos provisionais, e fan referencia a persoas maiores de 15 anos de idade residentes en Galicia.

[Máis información sobre o servizo nesta ligazón](#)

2.4. SERVIZO DE CONTROL DE ENFERMIDADES TRANSMISIBLES

Funcións

- a) A planificación, programación e a coordinación da execución das actividades de prevención e control das enfermidades transmisibles e a difusión da información relacionada con elas.
- b) A planificación, coordinación e xestión das actividades do Programa galego de vacinacións e a difusión da información sobre o programa.
- c) A planificación, a coordinación e a xestión das actividades do Programa galego de prevención e control da tuberculose e a difusión da información do programa.
- d) A planificación, coordinación e xestión da estratexia de prevención e control da infección VIH/sida en Galicia e a difusión da información do programa.
- e) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Accións máis destacables de 2014

PROGRAMA GALEGO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA TUBERCULOSE

Actividades

- Depuración e explotación do Sistema de Información de Tuberculose (SITUB).
- Tramitación dun novo concurso público: intervención dirixida a garantir o cumprimento dos tratamentos antituberculosos, no seo do Programa galego de prevención e control da tuberculose.
- Tramitación de incentivos para mellorar a adhesión ao tratamento.
- Implantación dun portal colaborativo para a Comisión galega para a avaliación do manexo de tuberculose resistente a fármacos.

Informes e publicacións

- [Informe da tuberculose en Galicia 2013. Características dos casos de tuberculose de Galicia no ano 2013. Evolución do período 1996-2013.](#)

Participación en grupos de traballo e reunións

- Grupo de traballo ad hoc Rede de Laboratorios de Tuberculose. Participación na proposta do Ministerio de Sanidade para fortalecer a vixilancia mediante a mellora do diagnóstico da tuberculose (TB).
- Participación no proxecto europeo PARENT Joint Action.

Formación impartida

- Cursos da Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) dirixidos a profesionais sanitarios de atención primaria das distintas áreas de saúde de Galicia:
 - Prioridades na loita contra a infección polo VIH/sida e a tuberculose: prevención, diagnóstico precoz e tratamento. 16 edicións.
 - Novos plans fronte ao VIH/sida e control da tuberculose. 8 edicións.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- Presentación de comunicacións nos seguintes eventos:
 - 45th Union World Conference on Lung Health. Barcelona, 28 de outubro-1 de novembro. 4 comunicacións.
 - XX Reunión galega de tuberculose e infeccións respiratorias. Santiago de Compostela, 25 de abril. 2 comunicacións.
 - 47.º Congreso Nacional SEPAR (Sociedad Española de Neumología y Cirugía Torácica). Bilbao, 6-9 de xuño. 2 comunicacións.
 - XXXII Reunión científica de la Sociedad Española de Epidemiología y IX Congreso da Associação Portuguesa de Epidemiologia. Alacante, 3-5 de setembro. 2 comunicacións.

PLAN ANTI VIH/SIDA**Actividades**

- Campaña de prevención de infeccións de transmisión sexual (ITS) na mocidade galega a través de Facebook: SEX INVADERS. Audiencia impactada a través de historias promocionadas a fans e non fans: 2.124.237 impactos promocionais.
- Desenvolvemento do proxecto de proba rápida anónima de VIH en fluído oral coa realización de probas en 16 entidades colaboradoras distribuídas por toda Galicia.
- Programa de inxección hixiénica e redución do dano en persoas usuarias de drogas inxectables (UDI). Distribución de kits de inxección hixiénica.
- Prevención da transmisión sexual do VIH e outras ITS. Distribución promocional de preservativos a colectivos máis vulnerables.
- Convocatoria de subvencións a proxectos de acción de saúde pública no campo do VIH/sida.
- Campaña de prevención de VIH e realización da proba, a través das apps Grindr e Bender para teléfono móbil, con motivo do Día do Orgullo Gay.
- Campaña do Día Mundial da Sida 2014. Distribución de diversos materiais divulgativos e preventivos a 525 centros sanitarios públicos e privados e 140 asociacións e outras entidades (unidades de atención a persoas drogodependentes, centros penais, centros escolares, universidades, centros de información xuvenil e outros centros municipais).

Informes e publicacións

- [Informe VIH-sida en Galicia 2014.](#)
- [Profilaxe postexposición non ocupacional fronte ao VIH. Venres epidemiolóxico; 2014; 3 \(4\).](#)

Participación en grupos de traballo e reunións

- Grupo de coordinadores dos plans autonómicos sobre a sida do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- Grupo de traballo RedCo sobre realización da proba de VIH en contornos comunitarios, liderado polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

SERVIZO DE CONTROL DE ENFERMIDADES TRANSMISIBLES

- Participación na elaboración da Guía de recomendacións para o diagnóstico precoz do VIH no ámbito sanitario do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- Participación no Proxecto de implantación da oferta rutineira da proba do VIH en atención primaria (estudo piloto 2014/2015).

Formación impartida

- Cursos da Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) dirixidos a profesionais sanitarios de atención primaria das distintas áreas de saúde de Galicia:
 - Prioridades na loita contra a infección polo VIH/sida e a tuberculose: prevención, diagnóstico precoz e tratamento. 16 edicións.
 - Novos plans fronte ao VIH/sida e control da tuberculose. 8 edicións.
 - Formación en counselling (a partir da infección por VIH e da tuberculose). 20 horas. 1 edición.
 - Probas de detección rápida de VIH. 1 edición.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- Reunión de SEISIDA (Sociedad Española Interdisciplinaria del Sida). Una visión multidisciplinar en el tratamiento y la calidad de vida del paciente con VIH. Madrid, 26 de xuño. Presentación dun póster.

PROGRAMA DE VACINACIÓN

Actividades

- Novas utilidades no sistema de rexistro de vacinas a través de Ianus e VAWEB.
- Xestión da Campaña de vacinación antigripal/antipneumocócica 2014.

Informes e publicacións

- Instrucións
 - [Nota informativa sobre a pauta de vacinación fronte ao meningococo C.](#)
 - [Actualización pauta de vacinación fronte ao virus do papiloma humano \(VPH\).](#)
 - [Vacinação fronte á varicela.](#)
 - [Utilización da vacina antipneumocócica conxugada trecevalente en persoas pertencentes a grupos de risco.](#)
 - [Campaña de vacinación antigripal 2014.](#)
- *Venres Epidemiolóxico*:
 - [Actualización do calendario de vacinación infantil. Venres epidemiolóxico; 2014; 3 \(1\).](#)
 - [A vacinación fronte ao virus do papiloma humano \(VPH\) en Galicia. Venres epidemiolóxico; 2014; 3 \(10\).](#)
 - [Uso da vacina antipneumocócica trecevalente en grupos de risco. Venres epidemiolóxico; 2014; 3 \(16\).](#)

Participación en grupos de traballo e reunións:

- Participación no relatorio da Ponencia de programas e rexistro de vacinacións da Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- Grupo de traballo hexavalentes 2014 da Ponencia de programas e rexistro de vacinacións da Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Valoración da utilización da vacina Hexyon no calendario de vacinación infantil.

Formación impartida

- Cursos da Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) dirixidos a profesionais sanitarios de atención primaria e especializada das distintas áreas de saúde de Galicia:
 - XVII Xornadas de formación continuada en vacinas. 5 edicións (4 provinciais e 1 central).

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- VII Congreso de la Sociedad Española de Infectología Pediátrica (SEIP). Santiago de Compostela, 6-8 de marzo.
- 32nd Annual Meeting of the European Society Paediatric Infectious Diseases (ESPID). Dublín, 6-10 de maio.
- VII Symposium de la Asociación Española de Vacunología (AEV). Murcia, 13-14 de novembro. Presentación de 2 comunicacións.



SERVIZO DE CONTROL DE ENFERMIDADES TRANSMISIBLES

Indicadores

Táboa 9. Plan de prevención e control da tuberculose (TB)	2011	2012	2013
N.º de casos novos de TB (incidencia, por 100 000 habitantes)	691 (24,8)	669 (24,1)	603 (21,8)
N.º de casos novos de TB respiratoria (incidencia de TB respiratoria, por 100 000 habitantes)	433 (15,5)	438 (15,7)	391 (14,1)
N.º de casos novos de TB respiratoria bacilífera (incidencia de TB respiratoria bacilífera, por 100 000 habitantes)	218 (7,8)	242 (8,7)	182 (6,6)
Atraso diagnóstico dos casos novos de TB (mediana de días)	57	52	57
N.º (%) de cepas sensibles aos fármacos de 1.ª liña	379 (89,0)	397 (89,8)	331 (89,0)
N.º (%) de tratamentos supervisados	295 (42,7)	288 (43,0)	249 (41,4)
N.º de contactos estudados	4.615	4.854	3.658
N.º (%) de casos con resultados satisfactorios	615 (89,0)	596 (89,5)	540 (89,6)

* Debido á busca activa de casos non declarados e á longa duración dos tratamentos (mínimo 6 meses), o ano en TB péchase ao ano seguinte, polo que os datos do ano 2014 están en fase de depuración

Táboa 10. Proxecto de proba rápida anónima de VIH en fluído oral	2013	2014
Probas realizadas	748	1.067
Probas reactivas	4	16
Resultados dubidosos	7	10

Datos a 5 de febreiro de 2015 (os datos do último ano adoitan cambiar debido ao atraso na declaración dos casos).

Táboa 11. Desenvolvemento do Plan de acción anti VIH/sida	2013	2014
Unidades distribuídas de kits de inxección hixiénica	124.440	108.620
Unidades distribuídas de preservativos masculinos normais	127.584	165.024
Unidades distribuídas de preservativos masculinos extrafortes	89.424	25.192
Unidades distribuídas de preservativos femininos	2.630	3.048
Número de proxectos subvencionados	8	10
Importe dos proxectos subvencionados	51.190,00 €	145.000,00 €

Táboa 12. Material distribuído na Campaña do Día Mundial da Sida	2013	2014
Carteis	1.476	1.928
Lazos vermellos adhesivos	106.050	49.275
Folleto de información xeral sobre VIH/sida	82.590	3.750
Folleto de proba rápida de VIH	15.395	5.750
Folleto de infeccións de transmisión sexual	27.425	49.225
Lapis publicitarios do VIH/sida	6.150	1.900
Paquetes preventivos para homes que teñen relacións sexuais con homes (HSH)	700	950
Preservativos	181.152	173.118

Táboa 13. Vixilancia epidemiolóxica-Plan de acción anti VIH/sida	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Incidencia de casos de VIH diagnosticados por cada millón de habitantes	75,3	76,9	77,3	76,3	77,2	60,8	67,4	80,8	67,8	64,4
% de casos de VIH diagnosticados asociados á vía sexual	66,3%	65,3%	74,9%	76,1%	80,1%	84,1%	81,9%	87,1%	89,3%	80,8%
% de casos de VIH diagnosticados en homes, asociados ao grupo de homes que teñen relacións sexuais con homes	31,3%	38,5%	38,1%	42,9%	49,1%	57,7%	58,0%	61,3%	69,9%	59,2%
% de VIH diagnosticados con cifras de CD4<350 células/ μ l (diagnóstico tardío -DT-)	54,2%	53,4%	50,5%	42,6%	47,9%	44,0%	45,2%	51,6%	50,5%	54,3%
Incidencia de casos de sida diagnosticados por cada millón de habitantes	32,9	36,1	35,2	29,7	27,9	20,4	19,0	19,5	17,4	12,0

Datos do 31 de decembro de 2014 (os datos dos últimos anos adoitan cambiar debido ao atraso na declaración dos casos).

SERVIZO DE CONTROL DE ENFERMIDADES TRANSMISIBLES

Táboa 14. Coberturas de vacinación (%)		2012	2013	2014
Primovacinação	Poliomielite	99,58	96,48	96,70
	DTP _a	99,58	96,48	96,70
	Hib	99,58	96,48	96,70
	Hepatite B	96,76	92,30	90,92
	Meninxite C	98,63	98,27	97,83
	Triple vírica	98,43	97,50	96,83
Vacinación de reforzo (ata 3 anos)	Poliomielite	98,47	92,83	92,55
	DTP _a	98,47	92,83	92,55
	Hib	98,47	92,83	92,55
	Meninxite C	97,3	95,80	96,23
	Triple vírica	92,75	91,40	90,83
Reforzo 6 anos	dTp _a	89,4	93,28	93,74
Vacinación de adolescentes	Td 14 a	76,28	85,32	90,24
	VPH (3 doses) Só nenas	70,22	73,78	74,38

Fonte:

2012: Enquisa bianual de cobertura vacinal documentada realizada en 2011 para todas as vacinas, excepto para VPH en que a fonte é o Rexistro do Programa Galego de Vacinación (RVACU).

2013 e 2014: Rexistro do Programa Galego de Vacinación (RVACU).

Táboa 15. Cobertura de vacinación de gripe (%)	Tempada 2012-2013	Tempada 2013-2014	Tempada 2014-2015
Adultos >= 65 anos	50,90	52,00	52,17
Persoal sanitario	21,30	18,91	18,27

Fonte: Rexistro do Programa Galego de Vacinación (RVACU).

Táboa 16. Programa piloto de vacinación fronte ao pneumococo	2012	2013	2014
Cobertura pauta completa (3 doses)	91,24%	91,83%	92,98%

[Máis información sobre o servizo nesta liqazón](#)

2.5. SERVIZO DE COORDINACIÓN DA XESTIÓN

Funcións

- a) A coordinación da xestión económica e orzamentaria, das actividades de deseño e produción das publicacións oficiais da dirección xeral, dos sistemas loxísticos de aprovisionamento e dos sistemas de comunicación interna da dirección xeral.
- b) A coordinación e apoio no deseño dos programas de formación para o persoal da dirección xeral e aqueles outros aspectos da xestión de persoal, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras unidades da consellería.
- c) Coordinación do procedemento sancionador en materia de saúde pública.
- d) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Accións máis destacables de 2014

Actividades

- Xestión económica:
 - Coordinación da elaboración dos orzamentos, control do estado de execución e rexistro de facturas.
 - Supervisión de expedientes económicos, concursos e convenios.
 - Coordinación das diferentes descentralizacións a hospitais e delegacións.
 - Tramitación das xeracións de crédito e das incorporacións.
 - Tramitación das axudas de custo e expedientes económicos do persoal (horas extra, gratificacións).
- Control de publicacións:
 - Coordinación do deseño e tramitación de autorizacións ante a comisión de publicacións.
 - Edición e distribución da Carpeta de Saúde Infantil.
 - Actualización da web de apoio á Carpeta de Saúde Infantil (Cóidate Coidame).
- Coordinación de actividades comúns a toda a dirección xeral: envíos urxentes, paquetería, material informático, almacén central de aprovisionamento, distribución de materiais e cooperación na organización de congresos e xornadas.
- Procedemento sancionador en materia de saúde pública:
 - Resolución e seguimento dos expedientes sancionadores graves da dirección xeral (tabaco, alcohol, alimentaria e ambiental) incoados nas xefaturas territoriais.
 - Reclamacións das sancións impagadas ante a Consellería de Facenda.
- Control da xestión de taxas dependentes da dirección xeral. Establécese unha mesma sistemática de cobro, atendendo sempre á actualización da normativa vixente.
- Coordinación e apoio no deseño dos programas de formación da dirección xeral:
 - Recepción da proposta de formación das diferentes unidades, unificación, tramitación da aprobación e remisión á FEGAS.
 - Control da realización dos cursos.
 - Organización de sesións técnicas e outras actividades de formación.

SERVIZO DE COORDINACIÓN DA XESTIÓN

Participación en grupos de traballo e reunións

- Grupo de seguimento de fondos FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional).
- Asistencia ás mesas de contratación relativas a expedientes da dirección xeral.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- Xornada sobre a problemática na xestión dos expedientes de contratación cofinanciados con fondos estruturais.
- Curso do Real decreto 3/2011 sobre a Lei de contratos do sector público
- Curso sobre o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral.
- Cursos de idiomas: alemán e inglés.

Indicadores

Táboa 17. Actividade do Servizo de Coordinación		2012	2013	2014	
	% orzamento inicial ¹ anual sobre o orzamento inicial do ano anterior	99,71%	76,03%	93,42%	
	% orzamento final ² anual sobre o orzamento final do ano anterior	97,45%	87,88%	95,41%	
	% do orzamento executado sobre o orzamento final	65,05%	93,92%	81,83%	
	N.º de PX ³	25	42	60	
	% de modificación entre aplicacións	11,31%	15,05%	28,04%	
	N.º de expedientes tramitados no ano	222	279	214	
Xestión económica	% do n.º total de expedientes tramitados no ano, segundo tipo de expediente	Concursos	15,84%	14,34%	17,29%
		Convenios	1,36%	2,15%	3,74%
		ADOK	71,49%	81,72%	76,17%
		Subvencións	11,31%	1,79%	2,80%
	Importe total do conxunto de expedientes tramitados no ano		25.096.001,14 €	23.406.194,23 €	19.487.540,74 €
	% do importe total do conxunto de expedientes tramitados no ano, segundo tipo de expediente	Concursos	57,24%	70,31%	71,25%
		Convenios ⁴	26,30%	1,31%	12,03%
		ADOK	13,48%	20,84%	8,97%
		Subvencións	2,99%	7,54%	7,75%
	Gasto en dietas		58.716,48 €	57.122,11 €	56.555,25 €
% de cambio do gasto en dietas ano actual/ano anterior		12,55%	-2,72%	-1,00%	
Facturas rexistradas no SEF		828	1.247	1.419	
Expedientes sancionadores	N.º de expedientes iniciados e resoltos na dirección xeral	2	0	3	
	N.º de expedientes iniciados en XTT e resoltos na dirección xeral	202	324	446	
	N.º total de expedientes resoltos na dirección xeral	204	324	449	
	N.º de expedientes non pagados remitidos a facenda	74	47	78	
Reclamacións patrimoniais	Número de expedientes tramitados	0	1	1	
Publicacións	N.º de publicacións presentadas á comisión	27	27	21	
	N.º de publicacións con autorización denegada/n.º de publicacións presentadas	1/27	0/27	0/21	
Formación	N.º de cursos solicitados/n.º cursos realizados	7/7	16/16	12/12	
	N.º de sesións técnicas	11	9	13	

1 Orzamento inicial: orzamento aprobado no Parlamento e publicado no DOG.

2 Orzamento final: orzamento inicial + xeracións de crédito + incorporacións de fondos finalistas + PX - recortes ou diminucións.

3 PX: documento que aumenta ou diminúe o orzamento entre dúas aplicacións vinculadas. Ademais dos PX fixéronse unha serie de transferencias entre aplicacións. Aumentaron os PX en 2013 e 2014 pola tramitación dos expedientes de laboratorio.

4 Descenso no importe porque no ano 2013 e 2014 non se tramitou dende aquí nada da FEGAMP.

2.6. SERVIZO DE CONTROL E AUDITORÍAS

Funcións

- a) O apoio técnico ao Servizo de Laboratorio de Saúde Pública de Galicia.
- b) O deseño e a promoción dos programas de formación para o persoal dos servizos de inspección de saúde pública.
- c) A implantación da política de calidade establecida para os servizos de inspección de saúde pública, así como coordinar a xestión dos medios necesarios para a consecución dos obxectivos de calidade definidos e para a execución de actividades de inspección.
- d) A elaboración do plan de auditorías, así como a coordinación e, cando proceda, a execución da dita planificación con respecto aos servizos de inspección de saúde pública, así como a elaboración da carteira de servizos.
- e) A coordinación e execución, no seu ámbito, da supervisión das actividades de control oficial en materia de seguridade alimentaria e sanidade ambiental.
- f) O apoio técnico ás xefaturas territoriais en materia de inspección de saúde pública.
- g) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Accións máis destacables de 2014

Actividades

- Tramitación de solicitudes de inscrición e renovación no Rexistro galego de laboratorios que realizan análises de control de produtos alimenticios relacionados co consumo humano.
- Dotación de medios necesarios para a execución das actividades de inspección de saúde pública. Xestión de: compras de material de inspección (actas, equipos de medición, roupa de traballo etc.), material de oficina, equipamento (fax, fotocopiadoras), vehículos e combustible, servizo de lavandería da roupa do persoal de matadoiros, almacén central, incidencias, equipos de medida e lexislación.
- Implantación da política de calidade:
 - Coordinación e execución das supervisións das actividades de control oficial en materia de seguridade alimentaria e ambiental. Presentación en zonas dos resultados.
 - Elaboración e execución do plan de auditorías do control oficial.
 - Elaboración e implantación da documentación específica de calidade (procedementos e instrucións).
 - Participación no desenvolvemento da ferramenta informática HERME.
 - Actualización do portal INSPEWEB.
 - Apoio técnico e orientación aos axentes de control sanitario oficial e xefaturas territoriais (telefónico e por escrito).
 - Visitas de formación ás zonas de inspección.

Informes e publicacións

- Publicación anual da avaliación dos resultados do plan de auditorías do control oficial, coas medidas tomadas.
- Publicación do informe anual de supervisión.

SERVIZO DE CONTROL E AUDITORÍAS

- Publicación dos informes globais de auditoría.
- Publicación de procedementos, instrucións e guías en INSPEWEB.

Participación en grupos de traballo e reunións

- Reunións de coordinación das actividades de control oficial coa Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde.
- Reunións de coordinación das actividades de control oficial con soporte informático (HERME, LABSP).
- Reunións de coordinación das actividades de control oficial con xefes e xefas de zona e xefes e xefas de servizo.
- Grupos de traballo co persoal técnico dos programas de sanidade ambiental.
- Grupo de traballo de Avaliación de Impacto en Saúde.

Formación impartida

- Deseño e promoción dos programas de formación para o persoal dos servizos de inspección de saúde pública: HERME, SEMAGA.
- Curso de procedementos de calidade na inspección de saúde pública. 2 edicións.
- Sesións técnicas nas zonas de inspección sobre os procedementos do sistema de calidade. 9 sesións.
- Taller de supervisión. 2 edicións.
- Sesións técnicas sobre a ferramenta HERME nas xefaturas territoriais. 4 sesións.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- Taller de auditorías del control oficial. Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición (AECOSAN). Madrid, 24, 25 e 26 de marzo.
- Curso básico de Excel (teleformación). EGAP, de marzo a maio.
- Curso de procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral (teleformación). FEGAS, do 28 de maio ao 26 de xuño.
- Curso sobre o Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público. FEGAS, do 2 ao 27 de xuño.
- Curso de linguaxe administrativa galega de nivel superior. Escola Oficial de Idiomas (EOI) de Santiago, de outubro de 2013 a febreiro de 2014.
- Como deseñar presentacións eficaces. FEGAS, do 6 ao 31 de outubro.
- Como elaborar presentacións con Powerpoint. FEGAS, 5 e 6 de novembro.
- Como expoñer presentacións impactando a audiencia. FEGAS, 28 de outubro.
- Relacións persoais/relacións laborais: traballo en equipo. FEGAS, do 7 ao 31 de outubro.
- Auditorías. Sistemas de autocontrol. FEGAS, do 6 ao 27 de maio.
- Desenvolvemento e fomento das habilidades comunicativas na administración pública. EGAP, do 4 de novembro ao 9 de decembro.
- Aplicacións informáticas para presentacións gráficas: Powerpoint 2010. EGAP, 17 de novembro.

- 23.^a Jornada técnica sobre novas perspectivas en la prevención de la legionelosis. Sociedad Española de Sanidad Ambiental. Madrid, 2 e 3 de outubro.
- Curso de instrumentación da calidade físico-químico das augas no control da Legionella. Asociación Galega de Empresas de Control de Pragmas (AGACPRA). Santiago de Compostela, 8 de outubro.
- Xornada de formación do Sistema de Análises da Inspección de Saúde Pública (SAISP). Santiago de Compostela, 25 de novembro.

Indicadores

Táboa 18. Actividade do Servizo de Control e Auditorías		2012	2013	2014
Rexistro galego de laboratorios	N.º de solicitudes de autorización	6	4	4
	N.º de autorizacións concedidas	5	4	2
	% de autorizacións concedidas	83%	100%	50%
	N.º de solicitudes de renovación	15	12	23
	N.º de renovacións concedidas	15	12	23
	% de renovacións concedidas	100%	100%	100%
Equipos e material	N.º de solicitudes de material recibidas	98	200	216
	N.º de solicitudes de material tramitadas	98	200	216
	N.º de incidencias recibidas	268*	441	340
	N.º de incidencias tramitadas	264*	436	310
	Pedidos trimestrais de material de inspección	10*	150	108
	Pedidos trimestrais de material de oficina	40*	90	108
	Coches	10	20	4
	Teléfonos	14	19	30
	Faxes	23	62	49
	Fotocopiadoras	2*	11	4
	Lavado de batas	165	84	83
	N.º de expedientes económicos tramitados	18	33	10
	ADOK (en firme)	13	28	8
	PARA XUSTIFICAR	3	3	1
	N.º de certificados de expedientes para xustificar	23	21	11
	CONCURSOS	2	2	1
	N.º de certificados de concursos	51	24	34
	N.º de multas de vehículos tramitadas	14	7	11
	N.º de coches supervisados en función do gasto	181	203	161
	Calidade	N.º de supervisións recibidas	125	209
N.º de supervisións programadas		19	265	265
N.º de auditorías planificadas		9	25	10
N.º de auditorías realizadas		9	22	9
% de auditorías realizadas		100%	88%	90%
Formación	N.º de documentos de calidade aprobados ¹	3	14	14
	N.º de cursos de formación realizados	9	8	17

* Algunhas incidencias recibidas por escrito empezáronse a contar a partir do segundo semestre de 2012.

¹ Nos documentos de calidade contáronse procedementos e instrucións.

2.7. SERVIZO DE LABORATORIO DE SAÚDE PÚBLICA DE GALICIA

Funcións

- a) O desenvolvemento das actividades do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia e a execución das análises que se lle encomenden en materia de saúde pública.
- b) A xestión e coordinación dos medios humanos e técnicos das unidades do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia.
- c) O deseño e a implantación dos programas de calidade no Laboratorio de Saúde Pública de Galicia.
- d) O deseño e promoción dos programas de formación para o persoal do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia.
- e) A elaboración do plan de auditorías internas, así como a coordinación e, cando proceda, a execución da dita planificación.
- f) A elaboración da carteira de servizos e a emisión de informes e avaliación dos programas e actividades encomendados.
- g) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.


Accións máis destacables de 2014

Formación impartida

- Seminario de análise de praguicidas en froitas e verduras. 21 horas, maio.
- Sesión técnica na Consellería de Sanidade sobre Laboratorio de Saúde Pública: organización e primeiro ano de actividade. 18 de novembro.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- Xornada de Microbioloxía industrial organizada por Biomerieux. Vigo, xuño. Presentación do relatorio Laboratorio de Saúde Pública: organización e xestión.



Indicadores

Táboa 19. Analíticas do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia		2012	2013	2014
Mostras	N.º de mostras recibidas	15.813	16.825	16.318
	N.º de mostras analizadas	15.068	16.025	16.168
	% mostras analizadas/mostras recibidas	95,3%	95,2%	99,1%
Ensaio	N.º de ensaios totais	87.296	120.748	149.214
	N.º de ensaios con procedemento acreditado	64.633	83.996	104.880
	% ensaios acreditados/ensaios totais	74%	69,6%	70,3%
	N.º de ensaios con procedemento non acreditado	22.663	36.752	44.334
	% ensaios non acreditados/ensaios totais	26%	30,4%	29,7%
	N.º de ensaios intercolaborativos	1.049	980	889
	% ensaios intercolaborativos/ensaios totais	1,2%	0,8%	0,6%
	N.º de ensaios área microbiolóxica	21.285	21.613	23.846
	% ensaios área microbiolóxica/ensaios totais	24,4%	17,9%	16,0%
	N.º de ensaios área físico-química	66.011	99.135	125.368
% ensaios área físico-química/ensaios totais	75,6%	82,1%	84,0%	

Fonte: aplicativo LABSP.



2.8. SERVIZO DE XESTIÓN DOS PROCESOS DE SAÚDE PÚBLICA

Funcións

- a) A análise integral da información de saúde pública e a avaliación do estado de saúde da comunidade autónoma.
- b) A difusión da información xerada nos sistemas de información de saúde pública e o intercambio desta con outras administracións públicas ou entidades con competencias na materia.
- c) A implantación de procesos internos únicos, tanto na dirección xeral como nas xefaturas territoriais; así como a coordinación da política de xestión de proxectos da dirección xeral orientados á mellora de calidade dos servizos.
- d) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Accións máis destacables de 2014

Actividades

- Envío ao órgano sectorial Sanidade-IGE das achegas á proposta de contidos do Programa estatístico anual 2015.
- Colaboración na elaboración dos indicadores de seguimento dos obxectivos operativos do Plan estratéxico de Galicia para o ano 2014 (PEG 2010-2014).
- Elaboración do cadro de persoal 2014 de servizos centrais e de xefaturas territoriais.
- Seguimento 2013 do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015.

Informes e publicacións

- [Memoria 2013 da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.](#)
- Informe sobre a valoración das execucións asignadas ás operacións estatísticas incluídas no Programa estatístico anual 2013. Remisión ao Órgano Sectorial Sanidade-IGE.
- No marco do PEG 2010-2014 elaborouse un informe con comentarios ao documento da memoria do Programa de Gasto do ano 2014.
- Recompilación e envío das fichas de seguimento do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020. "Xuventude 2016", para as actividades de saúde pública do ano 2014.
- Recompilación das accións máis destacables de 2013 no programa de vacinacións, nos programas de estilos de vida saudables e nos programas de cribado, para o Informe Anual do Sistema Nacional de Saúde 2013.

Participación en grupos de traballo e reunións

- Grupo de traballo de Avaliación de Impacto en Saúde.
- Reunións do comité de dirección. Preparación, asistencia e elaboración das actas.
- Comisión permanente número catro do Sistema acreditador de formación continuada das profesións sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- III Curso universitario de especialización en vacinas. Santiago de Compostela, de outubro de 2013 a xuño de 2014.
- Curso básico da norma UNE 179003. Servizos sanitarios. Xestión de riscos para a seguridade do paciente. FEGAS. Santiago de Compostela, 21 de abril-23 de maio.
- Xornada de Análise da actividade científica do SERGAS. FEGAS. Santiago de Compostela, 28 de marzo.
- Health Innovation I International Meeting. Santiago de Compostela, 28-29 de abril.



2.9. SERVIZO DE SEGURIDADE ALIMENTARIA

Funcións

- a) A planificación, programación, xestión e difusión da información das actividades de protección fronte aos riscos asociados ao consumo de alimentos.
- b) A coordinación da actividade inspectora en materia de seguridade alimentaria.
- c) A coordinación e o seguimento das actuacións no marco da Rede de alerta alimentaria.
- d) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas

Accións máis destacables de 2014

Actividades

- Revisión e actualización do Plan de control da cadea alimentaria en Galicia 2011-2015.
- Preparación e acompañamento da misión Auditoría DG (SANCO)/2014-7079 co fin de avaliar os controis de benestar animal que se efectúan nos matadoiros e durante as operacións relacionadas.
- Preparación e coordinación das actividades relacionadas coa misión de auditoría das autoridades sanitarias da Unión Aduaneira a industrias da pesca en Galicia.
- Carga de datos de contaminantes na aplicación Standard Sample Description, da European Food Safety Authority (EFSA).

Informes e publicacións

- Participación na elaboración do informe anual do Plan Nacional de Control Oficial da Cadea Alimentaria 2011-2015.
- Publicación na web dos trópticos de [Información sobre alérxenos en alimentos sen envasar](#).

Participación en grupos de traballo e reunións

- Participación nas reunións do Foro de consenso técnico da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición (AECOSAN).
- Participación nos seguintes grupos de traballo da AECOSAN:
 - Benestar animal en matadoiros.
 - Elaboración de alimentos en vivendas privadas.
 - Regulamento 2073/2005, redución da frecuencia de mostraxe.
 - Contaminantes.
 - Praguicidas.
 - Grupo específico sobre mercurio.
 - Flexibilidade en industrias lácteas e da carne.

Formación impartida

- Control oficial nos matadoiros. Benestar animal.
- Hixiene alimentaria e control dos produtos pesqueiros e dos moluscos bivalvos vivos.
- Inspección de industrias da carne. Actualización para persoal de inspección veterinaria de matadoiros de solípedos e unglados. 2 edicións.
- Auditoría de sistemas de autocontrol. 2 edicións.
- Novas tecnoloxías na produción de alimentos. Técnicas de envasado.
- Seguimento da rastrexabilidade. Investigación de alertas alimentarias.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- XI Congreso de Seguridade Alimentaria da Asociación de Empresas de Gran Consumo (AECOC). Madrid, 6 de marzo.
- Xornada sobre exportación de produtos da pesca á Unión Aduaneira. Vigo, 26 de marzo.
- Taller sobre a modernización da inspección na carne de porcino. AECOSAN. Madrid, 2 de abril.
- Taller de formación sobre xestión de contaminantes en alimentos. AECOSAN. Madrid, 9 de abril.
- Taller sobre medidas de flexibilidade en industrias do leite e da carne. AECOSAN. Madrid, 8 de abril.
- Seminario sobre publicidade alimentaria. AECOSAN. Madrid, 18 de xuño.
- Seminario sobre queixerías artesás e de campo. Madrid, 10 de outubro.
- Xornada de actividades de sensibilización e información técnica sobre a norma de calidade de derivados cárnicos. Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Madrid, 22 de outubro.
- Xornada sobre *Listeria monocytogenes* na industria cárnica. Guijuelo, 29 de outubro.

Indicadores

Táboa 20. Resultados das actividades de control sanitario de industrias alimentarias	2014						
	Fabricantes	Envasadores	Mayoristas almacéns	Distribuidores	Retallistas	Outros	Total
N.º de establecementos	2.932	770	1.577	4.172	39.765	247	49.463
N.º de unidades de control programadas (inspeccións)	3.532	885	1.577	2.458	16.946	247	25.645
N.º de unidades de control programadas realizadas (inspeccións)	1.859	372	815	1.202	9.782	176	14.206
N.º de unidades de control non programadas realizadas (inspeccións)	1.499	164	440	1.602	6.672	224	10.601
Nº de unidades de control programadas (auditorías)	639	158	316	-	-	49	1.162
N.º de unidades de control programadas realizadas (auditorías)	137	17	25	-	-	32	211
N.º de unidades de control non programadas realizadas (auditorías)	-	-	-	-	75	-	75
N.º de mostras tomadas	729	-	-	-	506	-	1.235
N.º de establecementos con infraccións	522	69	226	442	3.359	115	4.733
N.º de mostras con infraccións	45	-	-	-	-	-	45
TIPO DE INFRACCIÓN							
Operacionais	612	193	354	139	5.068	139	6.505
Estruturais	491	113	193	-	3.550	124	4.471
Do produto	84	22	30	-	694	11	841
Contaminación biótica	34	-	-	-	-	-	34
Contaminación abiótica	13	-	-	-	-	-	13

Táboa 21. Resultados das actividades de control de residuos en animais e carnes frescas, segundo tipo de mostraxe		2012	2013	2014
Plan aleatorio	N.º de mostras	1.858	2.448	2.307
	Determinacións	9.290	12.240	38.324
	Positividade	0,05%	0,12%	0,08%
	Substancias detectadas	Sulfadiazina	Amoxicilina Sulfadiazina	Oxitetraciclina Dexametasona
Plan sospeita	N.º de mostras	21	49	37
	Determinacións	105	245	433
	Positividade	0,00%	0,00%	0,00%

Táboa 22. Evolución da positividade de encefalopatía esponxiforme bovina	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	26	35	62	54	46	30	19	11	9	6	4	4	0	0
España	82	127	167	134	98	66	39	23	20	13	5	8	0	0

Táboa 23. Rexistro galego de empresas ou entidades de formación en hixiene alimentaria	2012	2013	2014
N.º de solicitudes de autorización presentadas	19	47	32
N.º de solicitudes de renovación presentadas	-	-	-
N.º de empresas rexistradas na sección I do rexistro ¹	0	5	3
N.º de empresas rexistradas na sección II do rexistro ²	19	42	29

1 Sección I do rexistro: empresas do sector alimentario autorizadas para impartirle programas de formación en hixiene alimentaria ao seu persoal.

2 Sección II do rexistro: entidades de formación.

[Máis información sobre o servizo nesta liqazón](#)

2.10. SERVIZO DE SANIDADE AMBIENTAL

Funcións

- a) A planificación, programación, xestión e difusión da información das actividades de protección da saúde da comunidade autónoma fronte aos riscos asociados aos ambientes específicos.
- b) A proposta de informe vinculante para os efectos do establecido na normativa vixente en materia de augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos sanitarios.
- c) A coordinación da actividade inspectora en materia de sanidade ambiental.
- d) O fomento da coordinación entre os distintos órganos ou entidades dependentes da Consellería de Sanidade con competencias en materia de saúde laboral, así como colaborar no desenvolvemento dos protocolos de actuación a que deberán someterse os servizos de prevención nas actuacións de carácter sanitario que realicen nas empresas.
- e) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Accións máis destacables de 2014

Actividades

- Revisión e actualización de todos os programas de vixilancia sanitaria incluídos no Plan de vixilancia dos factores de risco ambiental para a saúde de Galicia.
- Participación na xunta directiva da Sociedade Española de Sanidade Ambiental.
- Participación no equipo de dirección da Revista de Saúde Ambiental.
- Baremación das solicitudes de persoas candidatas a obter o certificado de profesionalidade de Servizos para o control de pragas (nivel 2), segundo a Resolución do 6 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Emprego e Formación.
- Depuración e xestión de censos de entidades incluídas nos Programas de vixilancia sanitaria dos factores de risco ambiental para a saúde de Galicia, no marco da aplicación HERME.
- Xestión dos Sistemas de Información, co perfil de administrador autonómico: Sistema de Intercambio Rápido de Información sobre Produtos Químicos (SIRIPQ), Sistema de Información Nacional de Augas de Baño (Náyade) e Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).
- Realización das accións encomendadas para o ano 2014 no Proxecto europeo LIFE + Sostenibles solutions for very small water supplies. Socios: Concello de Abegondo, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Consellería de Sanidade.

Informes e publicacións

- [Informe técnico do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2013.](#)
- [Calidade da auga de consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia. Informe Técnico. Ano 2013.](#)

Participación en grupos de traballo e reunións

- Grupos de traballo de amianto e de silicose do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Coordinación das actuacións da Unidade Central de Saúde Laboral da Administración Sanitaria (UCSLAS).
- Ponencias de saúde laboral e de sanidade ambiental da Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- Primeira reunión do grupo de traballo de sanidade mortuoria da Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- Grupo de traballo de cianobacterias coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia, Laboratorio de Saúde Pública de Galicia e Confederación Hidrográfica Miño-Sil.
- Grupo de traballo de Avaliación de Impacto en Saúde da DXIXSP.

Formación impartida

- Obradoiro de inspección en relación co Regulamento (UE) N.º 528/2012, relativo á comercialización e uso dos biocidas. 8 horas. 2 edicións, 23 e 30 de outubro.
- Obradoiro de formación no Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC II). 8 horas. 2 edicións, 11 e 18 de novembro.
- Sesión técnica sobre o Proxecto europeo LIFE + titulado Sostenibles solutions for very small water supplies, 3 de decembro.
- Seminario de enfermidades profesionais da formación continuada para MIR da especialidade de medicina do traballo. Vigo, 20 de outubro.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- Presentación dun relatorio nos seguintes eventos:
 - Xornadas técnicas Bases da xestión do ciclo urbano da auga. Santiago de Compostela, 5 e 6 de marzo.
 - Previsel 9.º Salón da prevención e seguridade laboral. Ourense, 9 de abril.
 - IV Xornadas da auga. Tomiño, 10 de xullo.
 - Networking with other projects (acción E6 no marco do Proxecto europeo LIFE + Sostenibles solutions for very small water supplies). Roscommon (Irlanda), 22-25 de outubro.
- 23 Jornada técnica de la Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). Nuevas perspectivas en la prevención de la legionelosis. Madrid, 2 e 3 de outubro.
- Xornada técnica de Presentación do Mapa de risco químico de Galicia. Pontevedra, 6 de xuño.
- Curso sobre Calidade do aire en ambientes interiores (modalidade e-learning), do 10 de novembro de 2014 ao 18 de xaneiro de 2015.
- Jornada internacional sobre las Herramientas para la mejora de la calidad del agua de consumo. Madrid, 21 de abril.

SERVIZO DE SANIDADE AMBIENTAL

Indicadores

Táboa 24. Programas sanitarios do Servizo de Sanidade Ambiental		2012	2013	2014
Lexionelose	Instalacións existentes	3.599	3.603	3.661
	Instalacións incluídas no programa	3.558	3.562	3.268
	Avaliacións	3.255	3.266	2.944
	% Cumprimento	91%	92%	90%
Augas de consumo	Abastecementos	593	607	619
	Incluídas no programa	234	317	282
	Vixilancia sanitaria	224	289	251
	% Cumprimento	96%	91%	89%
Zonas de baño	Zonas incluídas no censo	499	494	493
	Puntos de mostraxe	519	514	513
	Inspeccións	5.005	4.973	5.187
	% Cumprimento	100%	100%	100%
Piscinas	Instalacións autorizadas	634	651	631
	Vasos incluídos	935	945	996
	Inspeccións	1.337	1.155	953
	% Cumprimento	73%	92%	97%
Centros de bronceado	Instalacións existentes	912	1.156	1.228
	Incluídas no programa	499	904	813
	Avaliacións	486	865	804
	% Cumprimento	97%	96%	99%
Tatuaxe e <i>piercing</i>	Instalacións existentes	122	178	229
	Incluídas no programa	122	127	135
	Avaliacións	122	125	133
	% Cumprimento	100%	98%	98%
Sanidade mortuoria	Instalacións existentes	653	667	716
	Incluídas no programa	556	151	188
	Inspeccións	512	149	165
	% Cumprimento	92%	98%	88%
Biocidas	Instalacións existentes	396	448	327
	Incluídas no programa	389	82	153
	Inspeccións	312	72	72
	% Cumprimento	80%	88%	47%
Produtos químicos	Instalacións existentes	244	1.988	1.307
	Incluídas no programa	240	1.848	1.308
	Inspeccións	240	1.961	1.209
	% Cumprimento	100%	99%	92%

Táboa 25. Informes e actuacións do Servizo de Sanidade Ambiental		2012	2013	2014
Efectos das altas temperaturas	Informes diarios	107	107	107
	Alertas activadas	0	0	0
	% Cumprimento	100%	100%	100%
Residuos sanitarios	Plans de xestión	479	447	255
	Informes realizados	479	413	255
	% Cumprimento	100%	92%	100%
Saúde laboral	Informes solicitados	11	10	89
	Informes realizados	11	10	89
	% Cumprimento	100%	100%	100%
Augas mineromedicinais	Informes solicitados	2	1	1
	Informes realizados	2	1	1
	% Cumprimento	100%	100%	100%
Campos electromagnéticos (CEM)	Informes solicitados	6	2	4
	Informes realizados	6	2	4
	% Cumprimento	100%	100%	100%
Avaliación de impacto ambiental	Informes solicitados	190	82	62
	Informes realizados	172	74	59
	% Cumprimento	90%	90%	95%

Táboa 26. Cualificación sanitaria das zonas de baño	2012	2013	2014
Excelente	70,7%	71,4%	70,4%
Boa	13,7%	14,4%	17,0%
Suficiente	7,9%	7,6%	6,4%
Insuficiente	7,5%	6,6%	6,2%

[Máis información sobre o servizo nesta ligazón](#)

2.11. SERVIZO DE PROTECCIÓN RADIOLÓXICA

Funcións

Correspóndenlle as seguintes funcións, sen prexuízo das competencias atribuídas á Axencia Galega de Emerxencias en materia de protección civil e a outros órganos das distintas consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Establecer un sistema de validación e seguimento que permita determinar se o programa de garantía de calidade en radioterapia, medicamento nuclear ou radiodiagnóstico se adecúa aos obxectivos previstos, cumpre coas disposicións regulamentarias que lle sexan de aplicación e está implantado de forma efectiva, para os efectos da súa certificación; o seguimento e a vixilancia de cada un dos criterios de calidade establecidos en radioterapia, medicina nuclear ou radiodiagnóstico, realizar, se é o caso, as auditorías necesarias e as propostas de medidas correctoras ou procedementos que correspondan; promover a mellora da calidade, eficiencia e efectividade do acto radiolóxico médico e evitar exposicións inadecuadas ou excesivas ás radiacións ionizantes.
- b) Elaborar os criterios mínimos que garantan a seguridade, eficacia e eficiencia dos equipamentos das instalacións radiolóxicas, sen prexuízo das competencias do Consello de Seguridade Nuclear e outros organismos con autoridade na materia.
- c) Elaborar o inventario dos equipos radiolóxicos das instalacións de radiodiagnóstico, radioterapia e de medicina nuclear e colaborar co Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade na realización do Censo nacional de instalacións radioactivas de uso médico.
- d) A realización dos estudos necesarios para a actualización dos criterios de ordenación que, en relación coa protección radiolóxica, se apliquen na autorización previa á creación, ampliación e modificación de centros e establecementos sanitarios.
- e) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Accións máis destacables de 2014

Informes e publicacións

- Revisión/actualización da Guía orientativa en diagnóstico pola imaxe.

Participación en grupos de traballo e reunións

- Colaboración co grupo de traballo para o estudo de provisión e mantemento, mediante a forma de diálogo competitivo, de tecnoloxía de diagnóstico pola imaxe, radioterapia e medicina nuclear para o Servizo Galego de Saúde.

Indicadores

Táboa 27. Actividade do Servizo de Protección Radiolóxica			2012	2013	2014
Sistema de Información en Protección Radiolóxica (SIPRO)	Revisión e rexistro da documentación dos Programas de Garantía de Calidade (PGC)	N.º de PGC revisados	240	234	197
		N.º de PGC rexistrados en SIPRO	194	191	159
		Resolucións de validación de novos	150	119	73
		Resolucións de actualización	44	72	86
		Documentación incompleta	21	24	38
		Total resolucións	194	191	159
Indicadores anuais de seguimento dos criterios de calidade en radioterapia e medicina nuclear	Unidades Asistenciais de Radioterapia (UART)	N.º de UART	5	5	5
		Protocolos de actividade asistencial e calidade enviados ás UART	5	5	5
		Protocolos recibidos e avaliados	4	4	4
		Informe individual anual	4	4	4
		Informe evolución comparativo (5 últimos anos)	1	1	1
	Unidades Asistenciais de Medicina Nuclear (UAMN)	N.º de UAMN	7	7	7
		Protocolos de actividade asistencial e calidade enviados	7	7	7
		Protocolos recibidos e avaliados	6	6	7
		Informe individual anual	6	6	7
		Informe evolución comparativo (5 últimos anos)	1	1	1
Informes para o SERGAS	Adquisición de equipamento de radiodiagnóstico (RD) e radioterapia (RT)	Informes dos acordos da Comisión T. Asesora de Equipamiento en RD e RT	1	4	0
	Informes e autorizacións de uso	Autorizacións de uso para a utilización de recursos radiolóxicos alleos ao SERGAS	2	2	2
	Informes indicadores actividade/calidade radioterapia		0	0	2

[Máis información sobre o servizo nesta ligazón](#)

2.12. SERVIZO DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES E EDUCACIÓN PARA A SAÚDE


Funcións

- a) A planificación, programación e a xestión das actividades dos programas de promoción de estilos de vida saudables e a difusión da información sobre os mencionados programas.
- b) A planificación, programación e a xestión das actividades de prevención e control das enfermidades non transmisibles e a difusión da información sobre elas.
- c) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas

Accións máis destacables de 2014

Actividades

- Elaboración, deseño e posta en marcha do Plan para a prevención da obesidade infantil (Plan Xermola):
 - Consenso nos diversos grupos de traballo (académico e científico, empresarial, escolar, familiar e comunitario e sanitario).
 - Establecemento das liñas de acción.
 - Establecemento de criterios de priorización de actividades e criterios establecidos por categorías.
 - Posta en marcha para o desenvolvemento do plan no ámbito local. Elaboración da Guía para a implantación do Plan Xermola no ámbito local e elaboración das fichas de diagnóstico inicial nos tres ámbitos (educativo, municipal e sanitario).
- Desenvolvemento da plataforma Xente con Vida, proxecto de educación para a saúde que utiliza novas tecnoloxías (web, redes sociais, blog...). Interacción coas persoas usuarias da plataforma, resolución de dúbidas, introdución de contidos en alimentación e actividade física etc.
- Desenvolvemento do proxecto Estilos de vida activos no ámbito laboral (EVA-AL):
 - Deseño e colocación de sinais que faciliten a toma de decisións saudables para mellorar a actividade física nos espazos de traballo. Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra, Complexo Hospitalario Universitario Arquitecto Marcide de Ferrol.
 - Preparación do convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para a análise individualizada da cabeza e da columna cervical no persoal de servizos centrais da Consellería de Sanidade.
 - Colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).
 - Acordo de colaboración con PSA-Citroën de Vigo. Envío de contidos de alimentación saudable e actividade física e preparación da Xornada de promoción da saúde co persoal e as súas familias.
- Deseño, elaboración e valoración da realización dun estudo de malnutrición infantil.
- Implantación do proxecto Estilos de vida activos en atención primaria (EVA-AP) en centros de saúde.
- Colaboración en proxectos externos á Consellería de Sanidade. Preparación de material e asesoramento para a Feira do cocido de Lalín.
- Colaboración no proxecto Contacte connosco da Consellería de Sanidade, coa elaboración de respostas ás consultas sobre promoción da saúde.



- Validación, no ámbito autonómico, das actividades de promoción de estilos de vida saudables propostas por concellos, ONG etc., no Sistema de Información de Promoción y Educación para la Salud (SIPES).
- Deseño do proxecto para detectar o risco nutricional nas persoas maiores de 70 anos de Galicia a través da Enquisa anual de condicións de vida das familias do Instituto Galego de Estatística.
- Distribución dos folletos Consellos para unha boa lactación materna, a todas as matronas e os matróns dos centros de saúde de Galicia.
- Valoración dun proxecto futuro sobre prevención da malnutrición para a atención ao estado nutricional das persoas anciás, en colaboración coa Plataforma de Innovación.
- Revisión dos contidos do sitio web Cóidate Cóidame sobre consellos para unha boa lactación materna e a guía de coidados infantís saudables.
- Deseño de contidos para o proxecto de alfabetización en saúde da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.
- Titorías de residentes de enfermería familiar e comunitaria (7 titorías cunha duración dun mes cada unha).
- Organización e posta en marcha do concurso Debuxa o teu almuerzo, para o alumnado de 1.º e 2.º de educación primaria de calquera centro educativo de Galicia e para o usuariado dos centros de atención a persoas con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento, dentro do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Foro Interalimentario e a Unión de Consumidores de Galicia.

Informes e publicacións

- [Plan para a prevención da obesidade infantil \(Plan Xermola\).](#)
- [Resumo executivo do Plan para a prevención da obesidade infantil \(Plan Xermola\).](#)
- [Informe sobre o estudo Prevalencia da obesidade infantil en Galicia no ano 2013.](#)
- [Guía de axuda para programar os menús escolares.](#)

SERVIZO DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES E EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Publicación do artigo: [Crespo Salgado, J. J.; Delgado Martín J. L.; Blanco Iglesias O.; Aldecoa Landesa, S. "Guía básica de detección del sedentarismo y recomendaciones de actividad física en atención primaria". *Aten Primaria*. 2015; 47 \(3\): 175-183.](#)
- Plataforma [Xente con Vida](#). Elaboración de contidos sobre alimentación saudable e actividade física. Inicio do canal YouTube con 40 receitas.
- Informes da revisión nutricional das receitas propostas pola Subdirección Xeral de Pesca da Consellería de Medio Rural e do Mar.
- Informe do desenvolvemento do proxecto Promoción do estilo de vida saudable en atención primaria.
- Identificación de oportunidades de innovación para a industria alimentaria (procesos, produtos e accións) co fin de fomentar unha oferta alimentaria máis saudable.
- Elaboración de informes de avaliación do Plan de prioridades sanitarias 2014-2016.
- Informe para proxectos europeos (Plataforma de Innovación). Deseño dun modelo de atención ao estado nutricional nas persoas de idade avanzada como primeiro paso a un modelo de atención integral á saúde.

Participación en grupos de traballo e reunións

- Grupos de traballo, dentro do Plan Xermola, para consensuar as accións nos distintos ámbitos de intervención.
- Grupo de traballo da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición (AECOSAN) e das comunidades autónomas, sobre nutrición, actividade física e prevención da obesidade.
- Grupo de traballo Rehabilitación cardíaca en colaboración con diferentes servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.
- Grupo de traballo Estratexia de promoción da saúde e prevención no Sistema Nacional de Saúde, en coordinación coas comunidades autónomas e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (ámbito local, sanitario e educativo).

Formación impartida

- Pautas para unha alimentación saudable. Proxecto Health Lab Kids en colaboración co Colexio Oficial de Médicos da Coruña. Santiago de Compostela, febreiro.
- Programa de actividade física, exercicio e alimentación. Máster Universitario en Saúde Pública (USC). Santiago de Compostela, febreiro.
- Alimentación saudable durante o embarazo, lactación e puerperio. VIII Xornadas de Saúde Perinatal. Santiago de Compostela, novembro.
- Promoción do estilo de vida saudable no ámbito laboral. Xornada de prevención de riscos laborais. Empresa 3.S (Segura, Sa e Saudable). A Coruña, abril.
- Cursos de educación para a saúde a través da Escola Galega de Cidadáns. 10 edicións (217 alumnos/as).
- Cursos de educación sanitaria a través da FEGAS:
 - Capacitación e manexo dos niveis de actividade física e da prescrición básica de exercicio en atención primaria. 2 edicións (90 alumnos/as).
 - Atención e valoración do estado nutricional da persoa anciá. 1 edición (20 alumnos/as).

Recoñecementos recibidos

O proxecto Estilos de vida activos en atención primaria (EVA-AP) recibiu o recoñecemento de Boa práctica no Sistema Nacional de Saúde 2014 dentro da Estratexia de promoción da saúde e prevención.

Indicadores

Táboa 28. Xente con Vida (comeza o 30/03/2012)	2012	2013	2014
Web e Blog: páxinas vistas	172.843	120.148	215.342
Web e Blog: visitas	42.547	39.792	58.081
Web e Blog: votacións	122	74	96
Blog: comentarios de usuarios	30	11	0
Web: comentarios de usuarios	36	21	0
Participacións en enquisas	1.779	2.631	6.839
Facebook: consecución de fans	5.044	8.309	8.287
Facebook: páxinas vistas	13.114.609	11.308.077	4.984.401
Facebook: interacción seguidores	18.902	39.402	193.832
Twitter: seguidores	289	166	154
Twitter: impresións mensaxes	Sen datos oficiais	Sen datos oficiais	45.908
Twitter: interacción seguidores	Sen datos oficiais	Sen datos oficiais	797
YouTube: reproducións	-	-	7.153
YouTube: minutos de reprodución	-	-	18.995
YouTube: subscriptores	-	-	81

Táboa 29. EVA-AP (estilo de vida activo-atención primaria)	2012	2013	2014
N.º de centros implicados	50	345	429
N.º de profesionais que asisten a cursos	57	120	33
N.º de pacientes con rexistro de actividade física	19.173	65.444	131.830

[Máis información sobre o servizo nesta ligazón](#)



2.13. SERVIZO DE PROGRAMAS POBOACIONAIS DE CRIBADO

Funcións

- a) A planificación, a programación e a xestión das actividades dos programas poboacionais de cribado e a difusión de información sobre estas.
- b) O estudo e deseño de propostas sobre novos programas de cribado poboacional.
- c) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Accións máis destacables de 2014

PROGRAMA GALEGO PARA A DETECCIÓN DA XORDEIRA EN PERÍODO NEONATAL

Actividades

- Actividades de seguimento do programa nos 22 hospitais onde está implantado (100% de cobertura dos nados en Galicia). Xestión de expedientes económicos, xestión de pedidos de material funxible, xestión de avarías dos equipos, substitución de equipos de cribado a medida que van quedando obsoletos e xestión do mantemento preventivo dos equipos de cribado.
- Control e seguimento dos indicadores establecidos para o cumprimento dos obxectivos do programa.
- Desenvolvemento do sistema de información do programa.

Informes e publicacións

- Publicación do informe [Programa galego para a detección da xordeira en período neonatal. Resultados 2002-2013.](#)

Participación en grupos de traballo e reunións

- Seguimento do convenio de colaboración coa Universidade de Santiago para a mellora da adaptación audioprotésica dos nenos e nenas detectados polo programa.

Formación impartida

- Docencia no Máster de Saúde Pública organizado pola Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.

PROGRAMA GALEGO PARA A DETECCIÓN PRECOZ DE ENFERMIDADES ENDÓCRINAS E METABÓLICAS EN PERÍODO NEONATAL

Actividades

- Actividades de seguimento do programa (100% de cobertura dos nados en Galicia). Xestión de expedientes económicos e xestión de pedidos de material funxible.
- Control e seguimento dos indicadores establecidos para o cumprimento dos obxectivos do programa.
- Desenvolvemento do sistema de información do programa.

Informes e publicacións

- Elaboración de informes específicos para cada hospital cos principais indicadores do programa con respecto aos nenos e nenas nados en cada un deles e coas recomendacións para mellorar os resultados e cumprir cos principais obxectivos.
- Informe anual para a AECNE (Asociación Española de Cribado Neonatal).
- Publicación do informe [Programa galego para a detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas en período neonatal. Evolución e resultados 2013.](#)

Participación en grupos de traballo e reunións

- Grupo de traballo organizado polo Ministerio de Sanidade para establecer os criterios que deben cumprir os laboratorios de cribados neonatais para ser designados de referencia do Sistema Nacional de Saúde.
- Participación en diferentes reunións no ministerio no subgrupo de traballo de programas de cribado neonatal, dentro do grupo de traballo de desenvolvemento da carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde.
- Revisión exhaustiva do documento que elaborou o ministerio sobre o sistema de información do programa poboacional de cribado neonatal do Sistema Nacional de Saúde. Revisión dos documentos elaborados polas axencias de avaliación de tecnoloxías sanitarias que participan no grupo de traballo.

Formación impartida

- Docencia no Máster de Saúde Pública organizado pola Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.

SERVIZO DE PROGRAMAS POBOACIONAIS DE CRIBADO

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- Encontro Detección precoz de enfermidades (cribados): reflexións sanitarias, éticas e económicas. Santander, do 23 ao 25 de xullo.
- IV Congreso Nacional de la Asociación Española de Cribado Neonatal. Barcelona, 28 e 29 de novembro.

PROGRAMA GALEGO PARA A DETECCIÓN PRECOZ DO CANCRO DE MAMA

Actividades

- Envío das cartas de resultado ás mulleres con mamografía de cribado positiva e xestión da súa cita hospitalaria.
- Rexistro no sistema de información do programa dos datos referentes á valoración clínica realizada no hospital ás mulleres con mamografía de cribado positiva. Busca activa en lanus destes datos cando é preciso.
- Avaliación continua da calidade do programa coa monitorización dos indicadores de proceso e resultado establecidos nas guías de referencia en cribado e comparación cos estándares.
- Identificación e clasificación dos cancros de mama diagnosticados na poboación diana do programa a través do Conxunto Mínimo Básico de Datos (CMBD).
- Avaliación dos cancros de intervalo: identificación, cuantificación e categorización clínica e radiolóxica.
- Organización da revisión, polos radiólogos do programa, das mamografías dos casos interesantes para a formación continua destes profesionais, como son os cancros con lectura discordante, os cancros detectados con estadio II ou superior con mamografía previa negativa e os cancros de intervalo do programa.
- Participación na evolución e mellora da aplicación informática do programa: colaboración no proceso de migración das funcionalidades de SICMA (Sistema de Información de Cancro de Mama), empregadas nas unidades de exploración, a SIDICM (Sistema de Información de Diagnóstico por Imaxe de Cribado de Mama).
- Actualización do sistema de información: novidades na enquisa de antecedentes e automatización na validación dos resultados da dobre lectura.
- Organización da Reunión anual da Rede de Programas de Cribado de Cancro en España celebrada en Santiago de Compostela en xuño.

Informes e publicacións

- Informe [Programa galego de detección precoz do cancro de mama \(PGDPCM\). Resultados 1992-2012.](#)
- Informe definitivo das Unidades de Diagnóstico e Tratamento do programa do ano 2012.
- Informe trimestral dos tempos de demora na cita hospitalaria.
- Coautores do artigo científico ["Impact of Risk Factors on Different Interval Cancer Subtypes in a Population-Based Breast Cancer Screening Programme"](#) publicado en outubro.

Participación en grupos de traballo e reunións

- Grupo de traballo da Rede de Programas de Cribado de Cancro en España para a elaboración do Protocolo de manexo das mulleres con prótese mamaria e outras técnicas estéticas nos programas poboacionais de cribado.
- Reunión anual de radiólogos do programa, novembro.
- Reunión para definir o acceso ás mamografías dixitais do programa por parte dos radiólogos da sección de mama dos hospitais, novembro.

Formación impartida

- Docencia no Máster de Saúde Pública organizado pola Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- Reunión anual da Rede de Programas de Cribado de Cancro en España. Santiago de Compostela, do 11 ao 13 de xuño.

PROGRAMA DE DETECCIÓN PRECOZ DO CANCRO COLORRECTAL-PROXECTO PILOTO ÁREA DE FERROL**Actividades**

- Continuar a extensión do proxecto piloto na área de Ferrol:
 - Envío de cartas de presentación, invitación, envío do test e resultados á poboación diana do programa.
 - Xestión de citas (atención primaria, colonoscopia, consultas de alta resolución).
 - Rexistro e clasificación no sistema de información.
 - Atención ás persoas usuarias do programa (telefónica e por correo electrónico).
 - Cálculo e valoración de indicadores: aceptación, participación, taxas de detección etc.

Informes e publicacións

- Elaboración de informes periódicos de actividade e resultados. Difusión dos resultados.

Participación en grupos de traballo e reunións

- Reunións de seguimento do programa co persoal implicado en Ferrol (atención primaria, laboratorio, dixestivo, anatomía patolóxica, xerencia) para resolver problemas e axustar circuitos.
- Colaboración no proxecto de investigación: Participación de la población en las decisiones relacionadas con su salud y en el proceso de toma de decisiones compartidas en el Cribado de Cáncer Colorrectal. Proxecto financiado polo Fondo de Investigación Sanitaria (FIS) e coordinado polo Servizo Canario de Saúde.

Formación impartida

- Presentación do programa nos centros de saúde, sesión de formación para explicar o papel da atención primaria e o manexo do informe precolonoscopia dispoñible en lanus.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

Reunión anual da Rede de Programas de Cribado de Cancro en España. Santiago de Compostela, do 11 ao 13 de xuño.

SERVIZO DE PROGRAMAS POBOACIONAIS DE CRIBADO

Indicadores

Táboa 30. Programa galego para a detección da xordeira en período neonatal	2012	2013	2014*	Valor estándar
N.º de acabados de nacer (AN) participantes ¹	20.854	19.518	19.282	
Taxa de participación	99,58%	99,68%	99,58%	Aceptable: > 95% Desexable: > 99%
Taxa de derivación	1,05%	0,94%	0,92%	< 4%
Taxa de detección	1,82 ‰	1,08 ‰	0,88 ‰	
Idade na primeira consulta na Unidade de Diagnóstico	90,67%	90,70%	90%	< 60 días no 95% dos nenos derivados
Idade ao tratamento	44%	54%	60%	< 60 días no 95% dos nenos derivados
Perdas en derivación a diagnóstico	21	13	3	

1 **ANV participantes:** acabados de nacer vivos en hospitais con programa con proba realizada. **ANV elixibles:** acabados de nacer vivos en hospitais con cribado con posibilidade real de realización de proba. Isto é, exclúense: acabados de nacer vivos que morren antes de realizar a proba e aqueles con imposibilidade anatómica de realizar a proba.

* Datos provisionais.

Táboa 31. Programa galego para a detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas en período neonatal	2012	2013	2014*	Valor estándar	
N.º de acabados de nacer (AN) participantes ¹	21.071	19.713	19.613		
Taxa de participación	99,95%	99,80%	99,95%	Aceptable: 98%	
N.º de primeiras mostras non válidas	Sangue	1.729	848	791	
	Ouriños	450	201	213	
Indicador de 1.ª mostras válidas analizadas con resultado positivo	6,75%	5,63%	5,35%		
Taxa de detección	1,37‰	1,24‰	0,87‰		
Demora entre a data de nacemento e a toma da 1.ª mostra de sangue e de ouriños (media de días)	Sangue	3,65	3,53	3,40	Recoller as mostras o 3.º día de vida
	Ouriños	4	4	4	
Demora entre a toma da 1.ª mostra e a data de entrada en laboratorio (media de días)	4,13	4,26	4,24	Entre 1-5 días	
Demora entre a data de entrada no laboratorio e a data de obtención do resultado (media de días)	3,94	2,99	3,07	< 4 días	
Idade (media de días) á detección (obtención de resultado)	12 días	11 días	11 días		

1 **Participante:** neno/a nacido/a, no período estudado, nun dos hospitais galegos e que ten rexistrada 1 mostra válida analizada polo menos para unha das patoloxías estudadas no programa. **Poboación obxectivo do programa:** acabados de nacer de nai cuxo parto tivo lugar en Galicia e se lle oferta participar no programa coa entrega aos pais da carpeta de saúde infantil que inclúe as instrucións e o material necesario para participar no programa.

* Datos provisionais.

Táboa 32. Programa galego de detección precoz do cancro de mama (1)		2012	2013	2014	Valor estándar	
Participación das mulleres	N.º de mulleres invitadas	187.358	169.040	190.147		
	N.º de mulleres exploradas	148.201	137.367	155.337		
	Participación	A Coruña	79,68%	80,14%	82,87%	Aceptable: > 70% Desexable: > 75%
		Lugo	81,99%	84,89%	81,82%	
		Ourense	75,24%	80,39%	80,80%	
		Pontevedra	78,53%	81,63%	80,33%	
TOTAL	79,10%	81,26%	81,69%			
Derivación para Valoración Clínica Adicional (VCA)	Cribado inicial [N.º (%)]	1.598 (6,98%)	1.544 (7,69%)	1.438 (7,65%)	Aceptable: < 7% Desexable: < 5%	
	Sucesivos [N.º (%)]	2.634 (2,10%)	2.671 (2,28%)	2.942 (2,15%)	Aceptable: < 5% Desexable: < 3%	
	Inicial + Sucesivos [N.º (%)]	4.232 (2,86%)	4.215 (3,07%)	4.380 (2,82%)		
Tempo entre exploración mamográfica e resultado da lectura da mamografía ≤ 10 días		94,51%	95,07%	93,68%	Aceptable: 90% das mulleres Desexable: > 90% das mulleres	
Tempo entre resultado da mamografía e cita na Unidade de Diagnóstico e Tratamento (UDT) ≤ 21 días		62,63%	81,53%	68,55%	Aceptable: 90% das mulleres Desexable: >90% das mulleres	

SERVIZO DE PROGRAMAS POBOACIONAIS DE CRIBADO

Táboa 33. Programa galego de detección precoz do cancro de mama (2)		2010	2011	2012	Valor estándar
N.º de cancros detectados		478	565	564	
Taxa de detección	Cribado inicial	5,02 ‰	4,09‰	5,38‰	Aceptable: 4,2 (3 x incidencia basal) Desexable: > 4,2
	Sucesivos	3,6‰	4,13‰	3,52‰	Aceptable: 2,1 (1,5 x incidencia basal) Desexable: > 2,1
	Inicial + Sucesivos	3,84‰	4,12‰	3,81‰	
Valor predictivo positivo da mamografía de cribado	Cribado inicial	8,71%	6,74%	7,67%	
	Sucesivos	20,75%	21,65%	16,72%	
Proporción de tumores invasivos		85,38%	86,94%	87,60%	Aceptable: 90% Desexable: 80-90%
Proporción de tumores detectados en estadios II e máis	Cribado inicial	46,50%	37%	40%	Desexable: < 30%
	Sucesivos	33%	28,50%	29,70%	Aceptable: 25% Desexable: <25%
Proporción de cancros invasivos sen afectación ganglionar	Cribado inicial	59,55%	65,85%	50,00%	Desexable: >70%
	Sucesivos	68,59%	67,99%	59,40%	Aceptable: 75% Desexable: >75%
Proporción de cancros invasivos de tamaño menor ou igual de 10 mm	Cribado inicial	23,33%	35,37%	29,40%	Desexable: ≥25%
	Sucesivos	35,90%	33,91%	36,20%	Aceptable: ≥25% Desexable: ≥30%
Tempo entre diagnóstico e inicio de tratamento ≤ 21 días		38,77%	34,17%	30,63%	Aceptable: 90% das mulleres Desexable: >90% das mulleres
Tempo entre exploración mamográfica e inicio de tratamento ≤ 60 días		39,50%	37,83%	35,21%	Aceptable: 90% das mulleres Desexable: > 90% das mulleres

Táboa 34. Programa galego de detección precoz de cancro colorrectal		2014*	Referencia europea
N.º de persoas invitadas		16.504	
N.º de persoas con test de sangue oculto en feces (SOF) entregado		8.430	
Participación (%)		51,08%	
Porcentaxe de test SOF positivo		7,06%	4,4%-11,1%
N.º de persoas con colonoscopia completa		712	
Detección de cancro invasivo	Taxa de detección de cancro invasivo (‰)	4,53‰	1,8‰-9,5‰
	Valor predictivo positivo (VPP) para cancro invasivo	7,48%	4,5%-8,6%
	Estadios I (% respecto ao total)	43,9%	
	Estadios II (% respecto ao total)	24,4%	
	Estadios III (% respecto ao total)	22,0%	
	Estadios IV (% respecto ao total)	9,8%	
Detección de adenomas	Taxa de detección de adenomas de alto risco (‰)	8,88‰	
	Taxa de detección de adenomas de risco intermedio (‰)	16,06‰	
	Taxa de detección de adenomas de risco baixo (‰)	11,7‰	
	Valor predictivo positivo (VPP) para adenomas	60,51%	19,6%-40,3%

* Datos provisionais (a 7 de abril de 2015).

[Máis información sobre o servizo nesta ligazón](#)

2.14. SERVIZO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS

Funcións

- a) Elaboración, planificación e coordinación das actividades de prevención e control de trastornos adictivos.
- b) A planificación e coordinación da actividade inspectora para o control da normativa referente ao consumo de tabaco, así como de todas aquelas actividades que así o requiran.
- c) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas

Accións máis destacables de 2014

Actividades

- Elaboración e xestión das ordes polas que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións a proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas, promovidos por entidades privadas e por concellos ou agrupacións de concellos.
- Participación no estudo epidemiolóxico ESTUDES: Encuesta Nacional sobre el Uso de Drogas en Enseñanzas Secundarias en España, impulsado pola Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas.
- Organización da 15.ª Reunión anual da Society for Research on Nicotine and Tobacco (SRNT) - Europe (SRNT-EU) e xornadas conxuntas da Sociedade Española de Especialistas en Tabaquismo (SEDET) e do Comité Nacional para a Prevención do Tabaquismo (CNPT), celebradas do 18 ao 20 setembro de 2014 en Santiago de Compostela.

Participación en grupos de traballo e reunións

- Grupo de traballo para a actualización e mellora do Sistema de información e avaliación de programas de prevención de drogodependencias (XESAPI). Consellería de Sanidade.
- Participación en tres grupos de traballo no marco do Plan de Acción sobre Drogas 2013-2016 do Plan Nacional sobre Drogas:
 - Elaboración dun documento de consenso sobre criterios de acreditación de programas de redución da demanda de drogas.
 - Elaboración dun portal de boas prácticas en redución da demanda de drogas.
 - Impulsar a elaboración dun proxecto coordinado de prevención familiar universal.
- Comité Técnico do Observatorio para a Prevención do Tabaquismo.
- Coordinación nacional da actualización dos indicadores para a avaliación dos programas de control do tabaquismo.
- Coordinación nacional do programa "Clases sen fume".
- Grupo de traballo de Avaliación de Impacto en Saúde da DXIXSP.

Formación impartida

- A utilidade dos cuestionarios como diagnóstico e avaliación do noso traballo preventivo. Bases de datos de cuestionarios. A extracción da información. FEGAS, 15 de maio.
- Creación de páxinas web de información para a prevención de drogas. FEGAS, 8 de maio.
- Retos actuais da prevención do consumo de cánnabis. FEGAS, 26 de maio.
- Familias que funcionan. FEGAS, 27 de outubro.
- Como intervir en tabaquismo. 4 edicións.
- Intervención en tabaquismo durante o embarazo e a lactancia. Estratexias de intervención. 2 edicións.
- O profesorado como axente da saúde: prevención do tabaquismo na aula. 1 edición.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- XLI Jornadas Nacionais de Socidrogalcohol. Sevilla, 3-5 de marzo.
- 15.º Reunión anual da Society for Research on Nicotine and Tobacco (SRNT) - Europe (SRNT-EU). Santiago de Compostela, 18-20 de setembro. Presentación dun póster.
- Xornadas sobre consumo de alcohol e prevención de drogodependencias en adolescentes. Novas claves e novos retos. Universidade de Santiago de Compostela, 14 de novembro.
- Jornada Cigarrillos electrónicos: potencial ameaza para a saúde pública. Madrid, 25 de xaneiro. Presentación dun relatorio.
- Prevención de las drogodependencias y adicciones en el ámbito laboral. Tarragona, 7-10 de abril. Presentación dun relatorio.
- Seminario de formación sobre el cánnabis. Plan Nacional sobre Drogas. Madrid, 4 e 5 de novembro.
- VIII Xornadas de saúde perinatal. Santiago de Compostela, 25 de novembro. Presentación dun relatorio.

SERVIZO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS

Indicadores

Táboa 35. Subvencións a concellos e entidades privadas sen ánimo de lucro-Programas de prevención de trastornos adictivos	2012		2013-2014		2014-2015	
	Contía	Porcentaxe xustificada	Contía	Porcentaxe xustificada	Contía	Porcentaxe xustificada
Subvencións a concellos	Non houbo subvencións		1.154.000,00	93,72%	760.640,00	*
Subvencións a entidades privadas sen ánimo de lucro	604.999,99	100%	455.586,00	95,46%	605.000,00	*

* As actividades da orde de subvencións 2014-2015 finalizan o 31 de maio de 2015.

Táboa 36. Distribución das subvencións-Programas de prevención de trastornos adictivos	2012*	2013-2014	2014-2015	
Número de concellos nos que se desenvolven proxectos preventivos (a través de subvencións a concellos ou a entidades privadas)	A Coruña	19	36	35
	Lugo	0	27	29
	Ourense	0	17	17
	Pontevedra	8	30	27
	Total	27	110	108
Contía das subvencións concedidas	A Coruña	285.571,92 €	510.976,20 €	461.685,60 €
	Lugo	0,00 €	121.214,30 €	150.596,09 €
	Ourense	0,00 €	196.402,80 €	63.616,86 €
	Pontevedra	319.428,06 €	780.992,70 €	689.741,45 €
	Total	604.999,98 €	1.609.586,00 €	1.365.640,00 €
Porcentaxe de poboación da provincia que pertence aos concellos nos que se desenvolven proxectos preventivos	A Coruña	36%	61%	54%
	Lugo	0%	31%	35%
	Ourense	0%	46%	18%
	Pontevedra	37%	77%	75%
Porcentaxe de poboación de Galicia que pertence aos concellos nos que se desenvolven proxectos preventivos		28%	61%	55%

* No ano 2012 só recibiron subvencións as entidades privadas sen ánimo de lucro.

Táboa 37. Actividade inspectora-Plan anual de inspeccións de tabaco		2012	2013	2014
Reclamacións (actuación inspectora por denuncia de terceiros)	Reclamacións recibidas	130	120	120
	Inspeccións de parte	127	120	112
Inspeccións de oficio		456	1.387	827
Inspeccións realizadas polas forzas e corpos de seguridade do Estado		623	874	712
Total de inspeccións		1.206	2.381	1.651

Táboa 38. Motivo das reclamacións-Plan anual de inspeccións de tabaco	2012		2013		2014	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Permitir fumar en lugares prohibidos	44	26,8	90	61,6%	64	45,7%
Sinalización ausente ou incorrecta	27	16,5	17	11,6%	3	2,1%
Fumar en lugares prohibidos	9	5,5	5	3,4%	0	0,0%
Venda de tabaco/(ausencia de automatismo na máquina expendedora)	3	1,8	2	1,4%	7	5,0%
Terrazas habilitadas incorrectamente	79	48,2	31	21,2%	52	37,1%
Outros	2	1,2	1	0,7%	14	10,0%
Total	164	100,0	146	100,0%	140	100,0%

Táboa 39. Clasificación da actividade inspectora total segundo actividade-Plan anual de inspeccións de tabaco	2012	2013	2014
Centros da Administración pública	14	4	5
Centros de teatro, cine e outros espectáculos	2	0	1
Locais de hostalería	834	1.620	982
Centros de traballo	29	356	339
Locais de lecer diúrno e nocturno	211	221	188
Centros sanitarios	20	15	1
Centros de uso colectivo privados (centros comerciais, etc.)	13	16	39
Centros docentes	8	6	17
Empresa de comercialización de máquinas expendedoras	77	21	18
Outros	0	119	0
Total	1.208	2.378	1.590

SERVICIO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS

Táboa 40. Tipo de sanción imposta-Plan anual de inspeccións de tabaco	2012	2013	2014
Leve	222	602	412
Grave	183	329	309
Moi grave	0	0	0
Total	405	931	721

Táboa 41. Participación en "Clases sen fume"	Curso 2011-2012			Curso 2012-2013			Curso 2013-2014		
	Centros	Aulas	Escolares	Centros	Aulas	Escolares	Centros	Aulas	Escolares
A Coruña	12	24	540	19	52	1.244	19	52	1.244
Lugo	18	35	689	22	51	1.017	15	30	589
Ourense	17	34	733	12	25	530	9	16	314
Pontevedra	32	180	1.986	21	44	1.046	31	78	1.864
Total	79	273	3.948	74	172	3.837	74	176	4.011

Táboa 42. Denuncias e infraccións (alcohol)	2012	2013	2014
N.º de denuncias	603	717	875
N.º de infraccións	658	754	895
N.º de concellos onde se cometeron as infraccións	69	95	118

Táboa 43. Denuncias segundo remitente (alcohol)	2012	2013	2014
Policía Autonómica	470	618	762
Garda Civil	86	70	103
Policía Local	21	5	1
Cidadanía	26	24	9
Total	603	717	875

Táboa 44. Tipo de infraccións (alcohol)	2012	2013	2014
Consumo bebidas alcohólicas por menores ou en posesión de bebidas alcohólicas	204	184	275
Venda ou subministración de bebidas alcohólicas a menores	62	29	51
Non sinalización de prohibición de venda e consumo de bebidas alcohólicas a menores	272	407	455
Promoción do consumo abusivo de bebidas alcohólicas: rebaixa dos prezos no interior de locais autorizados para o consumo e venda de bebidas alcohólicas	37	69	44
Venda de bebidas alcohólicas fóra de horario autorizado	13	13	39
Publicidade de bebidas alcohólicas en cubertas exteriores de folletos de publicidade de bebidas alcohólicas	27	17	4
Publicidade de bebidas alcohólicas en centros aos que teñan acceso menores de idade	-	1	-
Permitir a entrada de menores a locais con limitacións para eles (discotecas, pubs etc.)	43	26	14
Obstrución ao labor inspector (non colaboración nin información)	0	0	-
Máquina expendedora situada no exterior ou sen control de idade	-	7	2
Lei de drogas de Galicia (alcohol)	-	1	11
Total	658	754	895

Táboa 45. Cualificación das infraccións (alcohol)	2012	2013	2014
Leves	478	581	748
Graves	180	88	118
Moi graves	0	0	4
Non tipificadas	-	-	25
Total	658	669	895

Táboa 46. Intoxicacións etílicas agudas en menores de idade atendidas polo O61			
Idade en anos	2012	2013	2014
11	0	0	0
12	2	1	1
13	8	7	6
14	37	29	30
15	72	60	79
16	158	97	116
17	168	169	145
Total	445	363	377

[Máis información sobre o servizo nesta ligazón](#)

SERVIZO DE SANIDADE AMBIENTAL

Indicadores

Táboa 24. Programas sanitarios do Servizo de Sanidade Ambiental

	2012	2013	2014	
Lexionelose	Instalacións existentes	3.599	3.603	3.661
	Instalacións incluídas no programa	3.558	3.562	3.268
	Avaliacións	3.255	3.266	2.944
Aguas de consumo	% Cumprimento	91%	92%	90%
	Abastecementos	593	607	619
	Incluídas no programa	234	317	282
	Vixilancia sanitaria	224	289	251
Zonas de baño	% Cumprimento	96%	91%	89%
	Zonas incluídas no censo	499	494	493
	Puntos de mostraxe	519	514	513
	Inspeccións	5.005	4.973	5.187
Piscinas	% Cumprimento	100%	100%	100%
	Instalacións autorizadas	634	651	631
	Vases incluídos	935	945	996
	Inspeccións	1.337	1.155	953
Centros de bronceado	% Cumprimento	73%	92%	97%
	Instalacións existentes	912	1.156	1.228
	Incluídas no programa	499	904	813
	Avaliacións	486	805	804
Tatuaxe e piercing	% Cumprimento	97%	96%	99%
	Instalacións existentes	122	178	229
	Incluídas no programa	122	127	135
	Avaliacións	122	125	133
Sanidade mortuoria	% Cumprimento	100%	98%	98%
	Instalacións existentes	653	667	716
	Incluídas no programa	556	151	188
	Inspeccións	512	149	165
Biocidas	% Cumprimento	92%	98%	88%
	Instalacións existentes	396	448	327
	Incluídas no programa	389	82	153
	Inspeccións	312	72	72
Produtos químicos	% Cumprimento	80%	88%	47%
	Instalacións existentes	244	1.988	1.307
	Incluídas no programa	240	1.848	1.308
	Inspeccións	240	1.961	1.209
% Cumprimento	100%	99%	92%	

ÍNDICE DE TÁBOAS

- Táboa 1. Cadro de persoal 2014
- Táboa 2. Publicacións na web e na intranet
- Táboa 3. Actividade da Unidade de Innovación
- Táboa 4. Actividade do Servizo da Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias
- Táboa 5. Publicacións periódicas do Servizo de Epidemioloxía
- Táboa 6. Seguimento de certas enfermidades de declaración obrigatoria
- Táboa 7. Distribución dos brotes (%) en cada unha das categorías de calidade de investigación
- Táboa 8. Sistema de Información sobre Condutas de Risco (SICRI)
- Táboa 9. Plan de prevención e control da tuberculose (TB)
- Táboa 10. Proxecto de proba rápida anónima de VIH en fluído oral
- Táboa 11. Desenvolvemento do Plan de acción anti VIH/sida
- Táboa 12. Material distribuído na Campaña do Día Mundial da Sida
- Táboa 13. Vixilancia epidemiolóxica-Plan de acción anti VIH/sida
- Táboa 14. Coberturas de vacinación (%)
- Táboa 15. Cobertura de vacinación de gripe (%)

ÍNDICE DE TÁBOAS

- Táboa 16. Programa piloto de vacinación fronte ao pneumococo
- Táboa 17. Actividade do Servizo de Coordinación
- Táboa 18. Actividade do Servizo de Control e Auditorías
- Táboa 19. Analíticas do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia
- Táboa 20. Resultados das actividades de control sanitario de industrias alimentarias
- Táboa 21. Resultados das actividades de control de residuos en animais e carnes frescas, segundo o tipo de mostraxe
- Táboa 22. Evolución da positividade de encefalopatía esponxiforme bovina
- Táboa 23. Rexistro galego de empresas ou entidades de formación en hixiene alimentaria
- Táboa 24. Programas sanitarios do Servizo de Sanidade Ambiental
- Táboa 25. Informes e actuacións do Servizo de Sanidade Ambiental
- Táboa 26. Cualificación sanitaria das zonas de baño
- Táboa 27. Actividade do Servizo de Protección Radiolóxica
- Táboa 28. Xente con Vida
- Táboa 29. EVA-AP (estilo de vida activo-atención primaria)
- Táboa 30. Programa galego para a detección da xordeira en período neonatal
- Táboa 31. Programa galego para a detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas en período neonatal
- Táboa 32. Programa galego de detección precoz do cancro de mama (1)
- Táboa 33. Programa galego de detección precoz do cancro de mama (2)
- Táboa 34. Programa galego de detección precoz de cancro colorrectal

- Táboa 35. Subvencións a concellos e entidades privadas sen ánimo de lucro-Programas de prevención de trastornos adictivos
- Táboa 36. Distribución das subvencións-programas de prevención de trastornos adictivos
- Táboa 37. Actividade inspectora-Plan anual de inspeccións de tabaco
- Táboa 38. Motivo das reclamacións-Plan anual de inspeccións de tabaco
- Táboa 39. Clasificación da actividade inspectora total segundo actividade-Plan anual de inspeccións de tabaco
- Táboa 40. Tipo de sanción imposta-Plan anual de inspeccións de tabaco
- Táboa 41. Participación en “Clases sen fume”
- Táboa 42. Denuncias e infraccións (alcohol)
- Táboa 43. Denuncias segundo remitente (alcohol)
- Táboa 44. Tipo de infraccións (alcohol)
- Táboa 45. Cualificación das infraccións (alcohol)
- Táboa 46. Intoxicacións etílicas agudas en menores de idade atendidas polo O61

